| Area de Gasto | Política de Gasto | Grupo de Programas | Programas  |
|---------------|-------------------|--------------------|--|
| 9             |                   |                    | ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL                     |
|               | 94                |                    | Transferencias a outras Administracións Públicas |
|               |                   | 949                | Transferencias internas                          |
|               |                   |                    | <b>9491 Sociedade Urbanística</b>                |
|               |                   |                    | <b>3.175.000,00 €</b>                            |

Clasificación económica do gasto

| Capítulo | Artigo | Concepto | Subconcepto | Totais  |                |                       |                |
|----------|--------|----------|-------------|---|----------------|-----------------------|----------------|
|          |        |          |             | Capítulo  | Artigo         | Concepto              | Subconcepto    |
| <b>4</b> |        |          |             | <b>TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>                                 |                | <b>3.175.000,00 €</b> |                |
|          | 44     |          |             | A entes públicos e sociedades mercantís da Entidade Local       | 3.175.000,00 € |                       |                |
|          |        | 449      |             | Outras subv. a ent. públicos e soc. mercantís da Entidade Local |                | 3.175.000,00 €        |                |
|          |        |          | 44900       | Transferencia á Sociedade Urbanística Provincial                |                |                       | 3.175.000,00 € |

Clasificación por programas de gasto

| Area de Gasto | Política de Gasto | Grupo de Programas | Programas                  |
|---------------|-------------------|--------------------|----------------------------|
| 0             |                   |                    | DÉBEDA PÚBLICA             |
|               | 01                |                    | Débeda Pública             |
|               |                   | 011                | Débeda Pública             |
|               |                   |                    | <b>0110 Débeda Pública</b> |
|               |                   |                    | <b>5.679.898,56 €</b>      |

Clasificación económica do gasto

| Clasificación económica do gasto |        |          |             | Totais  |        |          |                       |
|----------------------------------|--------|----------|-------------|---|--------|----------|-----------------------|
| Capítulo                         | Artigo | Concepto | Subconcepto | Capítulo  | Artigo | Concepto | Subconcepto           |
| <b>3</b>                         |        |          |             | <b>GASTOS FINANCIEROS</b>   |        |          | <b>1.062.026,46 €</b> |
|                                  | 31     |          |             | De préstamos e outras operacións financeiras en euros             |        |          | 1.062.026,46 €        |
|                                  |        | 310      |             | Xuros   |        |          | 1.062.026,46 €        |
| <b>9</b>                         |        |          |             | <b>PASIVOS FINANCIEROS</b>  |        |          | <b>4.617.872,10 €</b> |
|                                  | 91     |          |             | Amort. de prést. e de operacións en euros                         |        |          | 4.617.872,10 €        |
|                                  |        | 913      |             | Amort. de prést. a longo prazo de entes de fora do sector público |        |          | 4.617.872,10 €        |

DEPUTACIÓN DE LUGO



ORZAMENTOS 2012

## 5. Bases de Exe- cución do Orzamento



# BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA 2012

## ÍNDICE

---

|   |   |
|---|---|
| <b><u>Título I.</u> NORMAS XERAIS.....</b>  | 4 |
| <b><u>CAPÍTULO ÚNICO.</u> ÁMBITO DE APLICACIÓN.....</b>   | 4 |
| Base 1ª: Ámbito e vixencia .....  | 4 |
| Base 2ª: Prórroga do Orzamento .....  | 4 |
| <b><u>Título II.</u> O ORZAMENTO XERAL PARA O 2012 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS.....</b>                                 | 5 |
| <b><u>CAPÍTULO PRIMEIRO.</u> DO ORZAMENTO .....</b>   | 5 |
| Base 3ª: Contía, contido e estrutura do Orzamento Xeral.....  | 5 |
| <b><u>CAPÍTULO SEGUNDO.</u> DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS.....</b>   | 6 |
| Base 4ª: Réxime xeral dos créditos .....  | 6 |
| Base 5ª: Nivel de vinculación xurídica dos créditos .....   | 7 |
| Base 6ª: Modificacións de créditos.....   | 8 |
| <b><u>Título III.</u> DA EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL.....</b>  | 8 |
| <b><u>CAPÍTULO PRIMEIRO.</u> NORMAS XERAIS SOBRE A XESTIÓN E PROCEDIMENTO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL .....</b> | 8 |
| Base 7ª: Fases na xestión do estado de gastos .....   | 8 |
| Base 8ª: Acumulación de fases .....   | 9 |

## ÍNDICE

---

|   |           |
|---|-----------|
| Base 9ª: Autorización e disposición de gastos .....                   | 10        |
| Base 10ª: Recoñecemento e liquidación de gastos .....                 | 11        |
| Base 11ª: Ordenación de pagamentos .....                              | 16        |
| Base 12ª: Xustificación das ordes de pagamento .....                  | 16        |
| Base 13ª: Ordes de pagamento “a xustificar” .....                     | 16        |
| Base 14ª: Anticipos de caixa fixa .....                               | 18        |
| <br>  |           |
| <b><u>CAPÍTULO SEGUNDO. PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA DETERMINA-</u></b> |           |
| <b><u>DOS GASTOS.....</u></b>   | <b>19</b> |
| <br>  |           |
| Base 15ª: Nóminas e outros gastos de persoal.....                     | 19        |
| Base 16ª: Retribucións e indemnizacións .....                         | 20        |
| Base 17ª: Gastos ou contratos menores.....                            | 22        |
| Base 18ª: Tramitación anticipada de expedientes de gastos.....        | 26        |
| Base 19ª: Gastos plurianuais .....                                    | 27        |
| Base 20ª: Recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións ..... | 27        |
| Base 21ª: Gastos de representación e protocolo .....                  | 29        |
| Base 22ª: Caixa xeral de depósitos .....                              | 30        |
| Base 23ª: Provisións de fondos.....                                   | 30        |
| Base 24ª: Subvencións.....  | 30        |
| <br>  |           |
| <b><u>CAPÍTULO TERCEIRO. NORMAS REGULADORAS DE DETERMINADOS</u></b>   |           |
| <b><u>INGRESOS .....</u></b>  | <b>35</b> |
| <br>  |           |
| Base 25ª: Operacións financeiras.....                                 | 35        |
| <br>  |           |
| <b><u>Título IV. FUNCIONES DA TESOURARÍA .....</u></b>                | <b>37</b> |
| <br>  |           |
| <b><u>CAPÍTULO ÚNICO. FUNCIONES DA TESOURARÍA .....</u></b>           | <b>37</b> |
| <br>  |           |
| Base 26ª: Funcións .....  | 37        |
| Base 27ª: Realización de cobramentos.....                             | 37        |
| Base 28ª: Realización de pagamentos.....                              | 38        |
| Base 29ª: Arqueos.....  | 39        |
| Base 30ª: Aprazamentos e fraccionamentos .....                        | 39        |

# ÍNDICE

---

|   |           |
|---|-----------|
| <b>Título V. CONTABILIDADE.....</b>   | <b>39</b> |
| <b><u>CAPÍTULO ÚNICO. CONTABILIDADE .....</u></b>                                       | <b>39</b> |
| Base 31 <sup>a</sup> : Regras xerais .....  | 39        |
| Base 32 <sup>a</sup> : Regras particulares .....  | 40        |
| Base 33 <sup>a</sup> : Remanente de Tesouraría.....                                     | 40        |
| Base 34 <sup>a</sup> : Modificación de dereitos e obrigas de exercicios anteriores..... | 41        |
| <b><u>Título VI. FISCALIZACIÓN .....</u></b>  | <b>42</b> |
| <b><u>CAPÍTULO ÚNICO. FISCALIZACIÓN .....</u></b>                                       | <b>42</b> |
| Base 35 <sup>a</sup> : EXERCICIO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA .....                         | 42        |
| Base 36 <sup>a</sup> : ALCANCE DA FISCALIZACIÓN DE GASTOS E INGRESOS .....              | 43        |
| Base 37 <sup>a</sup> : PROCEDEMENTO DE FISCALIZACIÓN PLENA POSTERIOR .....              | 64        |
| <b>DISPOSICIÓN TRANSITORIA.....</b>   | <b>65</b> |
| <b>DISPOSICIÓN FINAIS .....</b>   | <b>65</b> |

## **Título I. NORMAS XERAIS**

### **CAPÍTULO ÚNICO. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

#### **BASE 1ª: ÁMBITO E VIXENCIA**

1. De conformidade co disposto no artigo 165.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e no artigo 9 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, redáctanse as presentes bases de execución do Orzamento xeral da Deputación Provincial de Lugo para 2012.

2. O disposto nestas Bases, será de aplicación tanto á Deputación Provincial como ó INLUDES e demais entes dependentes, entendéndose que as competencias asinadas ós órganos da Deputación atribúense ós que correspondan por analogía daqueles, en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional que proceda.

3. Estas bases terán carácter subsidiario das disposicións ditadas ou que se diten con carácter xeral destinadas á regulación do réxime local. As dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas Bases serán resoltas pola Presidencia, logo do informe de Secretaría ou de Intervención, segundo proceda.

4. As presentes bases só rexerán durante o exercicio do 2012 e, se é o caso, no período de prórroga legal do Orzamento do dito ano durante o exercicio seguinte.

#### **BASE 2ª: PRÓRROGA DO ORZAMENTO**

Se ó iniciarse o exercicio económico do 2013 non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do 2012 ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará ós créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias, ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran percibirse no dito exercicio.



A determinación das correspondentes aplicacións orzamentarias do Orzamento do 2012, que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución motivada da Presidencia e tras o informe previo da Interventora. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real decreto 500/1990.

Delégase na Presidencia a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no proxecto de Orzamento pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola Lei. Aprobado o Orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do Orzamento prorrogado.

## **Título II. O ORZAMENTO XERAL PARA 2012 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS**

### **CAPÍTULO PRIMEIRO. DO ORZAMENTO**

#### **BASE 3ª: CONTÍA, CONTIDO E ESTRUTURA DO ORZAMENTO XERAL**

1. O Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para 2012, nivelado en gastos e ingresos, ascende a **93.901.797,34 €**, e está formado polos seguintes orzamentos:

- A) Orzamento da Deputación:
  - 1) Estado de Gastos: **90.486.048,93 €**.
  - 2) Estado de Ingresos: **90.486.048,93 €**.
- B) Orzamento do organismo autónomo INLUDES (Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social):
  - 1) Estado de Gastos: **8.128.622,60 €**.
  - 2) Estado de Ingresos: **8.128.622,60 €**.
- C) Estado de previsión de ingresos e gastos da Sociedade Urbanística Provincial:
  - 1) Estado de Gastos: **6.184.748,41 €**.

2) Estado de Ingresos: **6.184.748,41 €.**

D) Estado consolidado:

1) Estado de Gastos: **93.901.797,34 €.**

2) Estado de Ingresos: **93.901.797,34 €.**

2. O Orzamento xeral contén os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas e os estados de ingresos nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos que se liquidarán durante o exercicio.

3. Para a confección do Orzamento aplicouse a estrutura por programas e por categorías económicas aprobada pola Orde EFA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

## **CAPÍTULO SEGUNDO. DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIONES**

### **BASE 4ª: RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS**

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal foran autorizados no Orzamento xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas. Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, e non poderán adquirirse compromisos de gastos en contía superior ó importe deles, coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do TRLRFL, e 25.2 do Real decreto 500/1990 que o desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ó "nivel de vinculación xurídica" que se sinala na seguinte base.

Con cargo ós créditos do estado de gastos do Orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaráselles ós créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ó Orzamento xeral. Para os efectos do artigo 176.2.a) do TRLRFL, se considerarán "atrasos a favor do persoal" os concep-

tos que enumera o Capítulo III do Título III, da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, as axudas de carácter social de contido económico, e os referidos no artigo 75 de la Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases do réxime local (en adiante LBRL).

- b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990, requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.
- c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 relativos a recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os gastos, créditos e avais autorizados pola Deputación e polo Consello de Administración da Sociedade ou polos órganos equivalentes dos demais entes dependentes, destinados a financiar as actuacións dos mesmos, poderán ser aprobados e subscritos en calquera momento, en función das necesidades de financiamento dos investimentos e gastos dos que traen causa. Polo tanto non será precisa a ratificación dos referidos gastos, créditos ou avais no orzamento anual no que se recoñezan, abondando coas previsións e autorizacións realizadas no seu momento. Excepcionalmente quedarán en suspenso as autorizacións e avais dos créditos pendentes de formalizar, en tanto exista a limitación de acudir a operacións de crédito por importe superior ao 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, tal como prevé a DF 15ª da Lei 39/2010, de 22 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para 2011, na modificación do R.d. Lei 8/2010, de 20 de maio, pola que se adoptaron medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

## **BASE 5ª: NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS**

Os niveis de vinculación xurídica que se establecen son os seguintes:

- A) No Capítulo Primeiro, os niveis de vinculación xurídica virán determinados polo CAPÍTULO e o ÁREA DE GASTO.
- B) Nos restantes Capítulos, os niveis de vinculación virán determinados polo CAPÍTULO e o GRUPO DE PROGRAMAS.

Os gastos que se atopen incluídos nun proxecto con cofinanciamento, estarán vinculados en si mesmos, é dicir, vinculados co nivel de desagregación económica coa que aparezan no Orzamento.

Para os efectos oportunos, enténdense incluídas nos estados de gastos e ingresos, cunha consignación inicial de “cero” €, tódalas aplicacións orzamentarias que resul-

tan da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

## **BASE 6ª: MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS**

Ó amparo do establecido nos artigos 172 a 182, ambos inclusive, do TRLRFL e nos artigos 34 a 51 do Real Decreto 500/1990, que a desenvolve, as modificacións de crédito que poderán ser realizadas nos referidos Orzamentos que integran o Xeral da Deputación, son as seguintes:

- a) Créditos extraordinarios.
- b) Suplementos de crédito.
- c) Ampliacións de crédito.
- d) Transferencias de crédito.
- e) Xeración de créditos por ingresos.
- f) Incorporación de remanente de crédito.
- g) Baixas por anulación.

Cada unha das modificacións indicadas será obxecto de expediente administrativo coa tramitación que se determina no referido Real Decreto, sendo órgano competente para a súa aprobación o Pleno da Deputación nos supostos de “créditos extraordinarios”, “suplementos de crédito”, “baixas por anulación” e “transferencias de crédito”, estas unicamente nos supostos de transferencias entre distintas áreas de gasto (agás as que afecten a créditos de persoal); nos restantes casos, será órgano competente para a súa aprobación o Ilmo. Sr. Presidente ou Órgano en que delegue expresamente esta competencia.

## **Título III. DA EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL**

### **CAPÍTULO PRIMEIRO. NORMAS XERAIS SOBRE A XESTIÓN E PROCEDIMENTO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO**

#### **BASE 7ª: FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS**

A xestión dos créditos incluídos no Estado de Gastos do Orzamento Xeral da Deputación Provincial realizarase nas seguintes fases:

- a) Autorización do Gasto.
- b) Disposición ou compromiso do Gasto.
- c) Recoñecemento e liquidación da Obriga.
- d) Ordenación do Pagamento.

As devanditas fases terán o carácter e contido definido nos Artigos 54 a 61 do R.D. 500/1990.

Con carácter previo procederase á retención do crédito correspondente, con base nas propostas de gasto ou modificacións de crédito.

## **BASE 8ª: ACUMULACIÓN DE FASES**

1. De conformidade co disposto no Artigo 184.2 do TRLRFL e os artigos 67 e 68 do Real Decreto 500/1990, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.

Poderanse presentar, polo tanto, as seguintes fases:

- Retención do crédito, que constituirá, en todo caso, un acto independente **(RC)**.
- Autorización - Disposición **(AD)**.
- Autorización - Disposición - Recoñecemento da Obriga **(ADO)**.

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as devanditas fases se acordasen en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada, para acordar todas e cada unha das fases que naquel se inclúan.

2. Cando para a realización dun gasto, se coñeza a súa contía exacta e o nome do receptor, poderanse acumular as fases de autorización e disposición tramitándose a través do procedemento abreviado **"AD"**.

3. Os gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación ou aqueles nos que a esixibilidade da obriga poida ser inmediata e sempre e cando non estean suxeitos ó proceso de contratación, poderán acumular as fases de autorización,

disposición e recoñecemento da obriga tramitándose o documento contable "ADO". Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gastos:

- Anticipos de pagas ó Persoal funcionario e laboral.
- Outros gastos de acción social.
- Asistencia a tribunais de oposicións e órganos colexiados e axudas de custo por comisións de servizo.
- Gastos presupostarios consecuencia de fondos librados co carácter de "a xustificar" ou como "anticipos de caixa fixa".
- Todos aqueles gastos do Capítulo II e do Capítulo VI, se é o caso, da clasificación económica do Orzamento, que teñan o carácter de "contratos menores" (ver Base 17).
- Todos aqueles gastos financeiros que debido ás súas características, non pode coñecerse o seu importe previamente ó recoñecemento da obriga (xuros variables, etc.).
- Subvencións prepagables.

## BASE 9ª: AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS

Con cargo ós créditos do estado de gastos do Orzamento Xeral da Deputación e do INLUDES, a **autorización e disposición** destes corresponderá ós seguintes órganos:

- O Pleno da Corporación ou Consello Reitor do INLUDES, ou á Xunta de Goberno ou Comisión Executiva do INLUDES, nos supostos de delegación:

Nos gastos derivados da súa competencia, segundo a normativa que regula as competencias do Pleno con carácter xeral, e polo establecido no Acordo Plenario de 7 de agosto de 2007, sobre Delegacións do Pleno na Xunta de Goberno, e polo establecido no Acordo do Consello Reitor do INLUDES de 16 de abril de 2008, sobre delegacións do Consello Reitor na Comisión Executiva, e demais acordos que durante o ano se poideran adoptar.

- O Presidente ou Órganos en quen delege:

Nos gastos derivados da súa competencia, segundo a normativa que regula as competencias do Presidente con carácter xeral e demais que lle atribúan expresamente as leis e aqueles que a legislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen á Deputación e non se atribúan a outros órganos provinciais.

No Pleno da Deputación de 7 de agosto de 2007, dáse conta das delegacións do Presidente noutros órganos, sen prexuízo das delegacións que durante o ano se poideran adoptar.

## **BASE 10ª: RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS**

### **A) Regras xerais:**

O recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente ou órgano en quen delegue.

O recoñecemento e liquidación de obrigas requirirá, como trámite previo, que en cada factura de calquera provedor sexa manifestada a conformidade polo Xefe do Servizo ou unidade administrativa mediante a seguinte "Dilixencia": "Prestados os servizos, realizadas as obras ou verificadas as subministracións detalladas na presente factura, conforme con cantidades, e prezo, data... - O receptor. Sinatura... ". A factura deberá cumprir as prescricións previstas no artigo 6º do Real Decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación. A dita conformidade poderá manifestarse mediante informe do servizo que asume a supervisión correspondente manifestando a comprobación obrigatoria do gasto.

A dilixencia a que se refire o parágrafo anterior, forma parte da comprobación obrigatoria do investimento para todos os gastos non xustificadas documentalmente con certificación de obras, ou actas de recepción de obras, subministracións ou servizos.

Cando a comprobación do investimento precise de coñecementos técnicos, esta farase por medio de certificación expedida polo técnico correspondente. Estas certificacións terán o valor atribuído á Dilixencia a que se refire o parágrafo anterior e ademais, que a obra, servizo ou subministración se verificou conforme ás condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

As subvencións ou achegas previstas no Orzamento a favor dos Entes dependentes da Deputación, así como naqueles outros nos que a achega sexa de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, consideraranse compromisos de gastos, orixinando documento AD ó inicio do exercicio. O recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación dos pagamentos realizarase en función dos requirimentos dos ditos Entes.

Autorízase o cargo en contas bancarias da Deputación Provincial e dos seus organismos autónomos e demais entes dependentes, dos gastos relativos a xuros e amortizacións de préstamos, operacións de leasing e outros de carácter financeiro, con carácter previo a ordenación do pago, así como outros que se aproben, a proposta de In-

tervención, pola Presidencia. Para o resto dos gastos, unicamente poderá seguirse o dito procedemento nas contas que corresponden a anticipos de caixa fixa.

Entenderase por práctica administrativa contable que, dentro das consignacións do Orzamento vixente, podan recoñecerse obrigas polo importe de recibos ou facturas correspondentes a gastos ou contratos menores ou de tracto sucesivo do ano anterior ou anteriores e que se presentan no exercicio, sempre que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

Os documentos contables relativos ó recoñecemento e liquidación das obrigas de competencia do Presidente ou órgano en quen delegue, entenderanse debidamente acreditados mediante a indicación naqueles da resolución ou acordo aprobatorio do recoñecemento e liquidación do gasto ou copia adxunta deste.

Por aplicación dos principios de eficacia e celeridade, as sinaturas autorizadas nas operacións contables poderán realizarse en documentos resuntivos que conterán unha referencia suficiente que identifique os documentos contables a que se refiren, sendo unidos estes, en todo caso, ós citados resumos.

A Delegada de Economía e Facenda ou quen a substitúa poderá asinar os documentos do proceso contable e aqueles nos que se materialice o pagamento.

#### **B) Cesión de créditos:**

Nas cesións de créditos que poidan efectuar acredores da corporación, seguiranse as normas e trámites establecidos na lexislación vixente sobre contratos do Sector Público e en todo caso, teranse en conta as seguintes normas:

##### **1.-Requisitos necesarios para a efectividade das cesións.**

1.1. Terán efectividade fronte á Deputación Provincial de Lugo ou ós seus entes dependentes as cesións de créditos efectuadas polos contratistas, que resultaran adxudicatarios de contratos celebrados coa devandita Administración, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) A cesión haberá de poñerse en coñecemento da Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes, para o que deberá realizar notificación fidedigna da cesión conforme ao procedemento indicado máis adiante.



b) Que o crédito obxecto de cesión non se atope xa en estado de “ordenación de pagos” ou en estado de “aboadado”.

1.2. Non terán efecto fronte á Deputación de Lugo ou ós seus entes dependentes, polo que non se tomará razón das cesións de crédito relativas a :

a) Expropiacións forzosas.

b) Facturas emitidas por persoas físicas ou xurídicas respecto das cales exista anotación de embargo xudicial ou administrativo, vixente na contabilidade, por importe superior ao crédito que se pretende ceder.

Se é o caso de que o importe da orde de embargo sexa inferior ao crédito que se pretende ceder, procederase á “toma de razón” da cesión só na parte do crédito que non fora obxecto de embargo, unha vez practicados os descontos correspondentes ao momento do recoñecemento da obriga, segundo o establecido nos pregos de condicións o na lexislación vixente.

c) Facturas incluídas en expedientes de recoñecemento de obrigas, nos que se formularan reparos suspensivos polo órgano interventor, conforme ao artigo 216 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

1.3. A cantidade a aboar ao cesionario poderá ser inferior ao importe certificado ou facturado cando no momento do recoñecemento da obriga se practiquen os descontos correspondentes, conforme ao establecido nos pregos de condicións ou na lexislación vixente. Sobre o dito desconto deixarase constancia na toma de razón segundo o procedemento descrito no apartado relativo ás “actuacións da Administración”.

## 2.-Obrigas do cedente e cesionario.

Para que a cesión de crédito se considere fidedignamente notificada á Deputación de Lugo ou ós seus entes dependentes, deberán seguir os seguintes trámites, os cales variarán segundo se trate de cesións de créditos existentes ou de créditos futuros.

2.1.- Considérase que existe crédito cando o contratista realizara a prestación obxecto do contrato e emitira a factura correspondente, estando a mesma conformada polos servizos técnicos da Deputación de Lugo ou dos seus entes dependentes.

O contratista deberá remitir ás oficinas da Intervención xeral ou á Intervención dos seus entes dependentes:

a) Comunicación da cesión do crédito, indicando o número da certificación ou factura, importe da mesma, data de emisión e concepto e identificación do cesionario (nome ou razón social e NIF), así como os datos bancarios do mesmo necesarios para efectuarlle os pagos. Este trámite non será necesario cando directamente se faga entrega dun exemplar da certificación ou factura na que conste a cesión e aceptación do crédito coas sinaturas correspondentes e identificación dos asinantes, na dirección anteriormente indicada.

b) Cando se lle comunicara a cesión de crédito conforme ao establecido no apartado anterior deberá facerse entrega, con posterioridade, dun exemplar da certificación ou factura na que conste a cesión e aceptación do crédito, coas sinaturas correspondentes e identificación dos asinantes. Cando o poder para efectuar a cesión do crédito sexa mancomunado deberán constar as sinaturas e identificacións de tódolos apoderados.

c) Poderes bastanteados pola Asesoría xurídica que acrediten tanto o asinante cedente coma o asinante cesionario para ceder créditos e aceptar cesións de créditos, respectivamente.

d) Fotocopia do DNI dos asinantes.

2.2.- Considéranse créditos futuros aqueles que se deriven de prestacións relativas a contratos celebrados e perfeccionados entre o cedente e a Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes, sempre que no momento da cesión non se realizaran as prestacións obxecto de contratación, ou que realizándose, non existira factura ou certificación ou a mesma estivera pendente de conformar polos servizos técnicos correspondentes. O contratista deberá remitir ás oficinas da Intervención xeral ou ás Intervencións dos entes dependentes:

a) Comunicación dos contratos que poderán dar lugar á cesión de créditos, indicando:

-Relación de contratos obxecto de cesión: A este respecto acompañarase copia dos contratos formalizados ou, no seu defecto, deberanse identificar co número de expediente, importe da adjudicación e denominación do mesmo.

-Se a cesión de créditos futuros se realizara mediante contrato de factoring deberá aportarse copia do mesmo, no que deberá constar, de maneira expresa, a relación de contratos celebrados entre a empresa cedente e a Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes que sexan obxecto do contrato de factoring. En todo caso a indentificación dos contratos deberá realizarse conforme o establecido no apartado anterior.

No caso de que as facturas derivadas dos mencionados contratos, que sexan obxecto do factoring, sexan anteriores á data deste, deberase emitir relación conformada pola empresa de factoring e pola empresa cedente indicando o número, importe, data de emisión e concepto das facturas factorizadas.

-Identificación do cesionario (nome ou razón social e NIF), así como os seus datos bancarios.

b) Poderes bastanteados pola Asesoría xurídica que acrediten tanto ao asinante cedente coma ao asinante cesionario para ceder créditos e aceptar cesións de créditos, respectivamente.

c) Fotocopia do DNI dos asinantes.

A Presentación da documentación referida neste apartado 2.2 non vinculará á Administración para a toma de razón da cesión de créditos, a cal só se efectuará cando, unha vez realizadas as prestacións obxecto dos contratos sinalados na comunicación, as certificacións ou facturas conformadas polos servizos provinciais conteñan indicación da cesión e aceptación do crédito, coas sinaturas correspondentes e identificación dos asinantes, e o recoñecemento da obriga se encontre aprobado polo órgano competente. Cando o poder para efectuar a cesión de crédito sexa mancomunado deberán constar as sinaturas e identificación de tódolos apoderados.

### 3.- Actuacións da Administración.

Unha vez aprobado o recoñecemento da obriga polo órgano competente, efectuarase a toma de razón no corpo da factura ou certificación xustificativa do crédito polos servizos correspondentes da Intervención xeral ou da Intervención dos seus entes dependentes, e procederase ao abono a nome do cesionario. Para iso verificarase polos devanditos servizos que o crédito obxecto de cesión cumpre o establecido nos apartados 1 “Requisitos necesarios para a efectividade das cesións” e 2 “Obrigas do cedente e cesionario na cesión”.

Cando no momento do recoñecemento da obriga se practiquen os descontos establecidos nos pregos de condicións que rexen a contratación ou os esixidos pola lexislación vixente, o dito extremo poñerase de manifesto na toma de razón.

Cando así sexa requerido polos interesados, facilitarase unha fotocopia da factura ou certificación na que conste a toma de razón.

Se na data da comunicación fidedigna da cesión do dereito de crédito á Administración constara na mesma a incoación dun procedemento de compensación das débedas do cedente coa Deputación e os seus entes dependentes, quedará suspendida a toma de razón da cesión do crédito.

Se unha vez realizada a cesión e a preceptiva toma de razón, segundo o disposto nos apartados anteriores, e antes de producirse o pago, se recibise orde de embargo expedida pola autoridade xudicial ou administrativa, procederase da seguinte maneira:

- Notificarase ao cedente e ao cesionario a mencionada circunstancia para que no prazo de 10 días manifesten o que no seu dereito conveña.

- Asi mesmo trasladarase á autoridade que ordena o embargo a existencia da cesión para que tamén se pronuncie ao respecto.

- Se transcurrido o devantido prazo non se obtivera resposta ou xurdira calquera tipo de discrepancia, e a menos que da autoridade que realiza o embargo se recibira outra instrución, procederase, previa comunicación aos interesados, a realizar a consignación na Caixa xeral de depósitos provincial.

## **BASE 11ª: ORDENACIÓN DE PAGAMENTOS**

A ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente ou órgano en quen delegue. As ordes de pagamento deberán acomodarse, se é o caso, ó plan de disposición de fondos que se estableza pola Presidencia, tendo prioridade en todo caso os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

O pagamento material xustificarse pola Tesouraría mediante o "recibín" do perceptor ou orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola entidade financeira.

## **BASE 12ª: XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGAMENTO**

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente se acredite documentalmente ante o órgano competente para recoñecer obrigas, a realización da prestación ou o dereito do acredor, e todo de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

## **BASE 13ª: ORDES DE PAGAMENTO “A XUSTIFICAR”**

As ordes de pagamento “a xustificar” rexeranse polo establecido nos artigos 69, 70 e 71 do RD 500/1990, e deberán axustarse ás seguintes normas:

1. A expedición e execución das ordes de pagamento "a xustificar" deberá efectuarse, tras a aprobación polo órgano competente da autorización do gasto, achegándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento.

2. Os fondos librados "a xustificar" poderán situarse a disposición da persoa autorizada en conta corrente bancaria aberta para o efecto, ou ben entregándose en efectivo ó perceptor.

3. Os conceptos orzamentarios ós que son de aplicación as ordes de pagamento "a xustificar" limítanse ós diversos conceptos dos capítulos 2º e 6º da clasificación económica do orzamento de gastos.

4. A xustificación das ordes de pagamento deberá efectuarse no prazo de tres meses, como máximo, ante a Intervención Provincial, acompañando facturas e documentos auténticos que xustifiquen a saída de fondos coa dilixencia do xefe do servizo ou unidade administrativa correspondente, de que se realizou este, de que se achegou o material correspondente ou de que se realizou, en xeral, o gasto de plena conformidade. Non obstante, a 31 de decembro, os mandados desta natureza deberanse render e achegar a correspondente xustificación. Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ó reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á devandita conta, o xustificante do ingreso efectuado. No suposto de que se xustifique por importe superior ós fondos recibidos procederase ó aboamento da diferenza unha vez aprobada a conta xustificativa. A conta, cos documentos e o informe de Intervención, elevarase ó Presidente para a súa aprobación. De non se render nos prazos establecidos a devandita conta, procederase a instruír de inmediato expediente de alcance de fondos contra a persoa que recibiu as cantidades "a xustificar", de conformidade co disposto para o efecto na Lei xeral orzamentaria.

Só se poderán expedir ordes "a xustificar" nos seguintes supostos:

- Que o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados "a xustificar".
- Que o perceptor non incurrise en mora na xustificación de fondos, en anteriores ordes de pagamento "a xustificar".
- Que o seu importe non supere a cifra de 6.000 euros, a excepción dos pagamentos "a xustificar" para a realización de congresos e outros espectáculos, cuxo límite será o importe autorizado para a realización destes.

- Para atencións de carácter periódico ou repetitivo, terán o carácter de anticipos de caixa fixa, regulándose polas súas normas específicas e polo disposto na Base núm.14.

## **BASE 14ª: ANTICIPOS DE CAIXA FIXA**

1. Concepto: enténdense por anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter extraorxamentario e permanente que se realicen ás habilitacións de caixa fixa para a atención inmediata e posterior aplicación ó Orzamento do ano no que se realicen, de gastos periódicos ou repetitivos do capítulo II do estado de gastos do Orzamento.

2. Ámbito: as aplicacións orxamentarias cuxos gastos se poderán atender con este tipo de fondos serán as que resulten dos conceptos da clasificación económica que se relacionan de seguido:

| <b>CONCEPTO</b> | <b>DESCRICIÓN</b>   |
|-----------------|---|
| 212             | Reparac., mantem. e conservac. edificios e outras contrucións |
| 213             | Reparac., mantem. e conservac. maq.,instalac. e ferra.        |
| 214             | Reparac., mantem. e conservac. material de transporte.        |
| 215             | Reparac., mantem. e conservac. mobiliario e aparellos.        |
| 216             | Reparac., mantem. e conservac. eq. proceso de información.    |
| 220             | Material de oficina.  |
| 221             | Subministracións.   |
| 222             | Comunicacións.  |
| 223             | Transportes.  |
| 224             | Primas de seguros.  |
| 225             | Tributos.   |
| 226             | Gastos diversos.  |

3. Contía: A contía global dos anticipos de caixa fixa non poderá exceder a cantidade de 3.000.000,00 €. Individualmente, as provisións iniciais de fondos para anticipos de caixa fixa non poderán ser superiores á cifra de 100.000,00 €.

4. Situación dos fondos: os fondos correspondentes a cada un dos anticipos de caixa fixa constituídos situaríanse nunha conta corrente aberta para este efecto coa denominación "Excma. Deputación Provincial.- Caixa Fixa nº.....". Os fondos situados nestas contas terán para todos os efectos carácter de fondos públicos provinciais e os seus xuros ingresaránse no concepto correspondente do Capítulo V do Orzamento Xeral da Deputación.

5. Disposición de fondos: as disposicións de fondos das contas a que se refire o apartado anterior, efectuaranse mediante tarxeta bancaria, cheque nominativo ou transferencia bancaria autorizados coa sinatura do habilitado responsable da disposición dos fondos designado para este efecto por Resolución da Presidencia.

Os pagamentos que realice o caixeiro ós acredores finais rexistraranse (coa data da saída dos fondos) en calquera momento anterior á elaboración da correspondente conta xustificativa.

6. Xustificación: A medida que as necesidades de tesouraría aconsellen a reposición dos fondos, os habilitados renderán as contas, dando lugar ás correspondentes ordes de pagamento polas cantidades a que ascenden cada un dos conceptos, ingresándose o seu importe na conta corrente do Anticipo de Caixa Fixa.

Os perceptores destes fondos estarán obrigados a xustificar os importes investidos ó longo do exercicio económico no que se recibisen, a poder ser mensualmente, e cando menos durante o mes de decembro, haberán de render as contas a que se refire o parágrafo 1º do Art. 74 del RD. 500/1990.

7. Control: por resolución da Presidencia determinarase, se é o caso, o control a que serán sometidos cada un dos anticipos de caixa fixa. En calquera momento a Intervención poderá solicitar estados de situación das contas correntes e referidos a datos concretos. Os perceptores de anticipos serán nomeados polo Presidente, ó que tamén lle compete deixar sen efectos o nomeamento.

8. Contabilidade: os anticipos de caixa fixa serán obxecto de axeitado seguimento contable conforme ás normas contidas na Orde EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.

## **CAPÍTULO SEGUNDO. PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA DETERMINADOS GASTOS**

### **BASE 15ª: NÓMINAS E OUTROS GASTOS DE PERSOAL**

#### **1. Nóminas:**

O pagamento de toda clase de retribucións ós funcionarios e demais persoal desta Deputación efectuarase mediante nómina mensual que se pechará o día 15 de

cada mes, e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data terán efecto na nómina do mes seguinte.

Xunto coa nómina achegarase un parte das variacións que tiveran lugar nela en relación co mes anterior, para a súa debida fiscalización.

A nómina será autorizada polo Deputado/a delegado da Área de Réxime Interior e levará a conformidade do Xefe do Servizo de Persoal, pola que se acreditará que os funcionarios e demais persoal comprendidos nela realizaron os servizos que nela se sinalan e retribúen.

#### 2. Retribucións de persoal eventual:

As retribucións do persoal eventual son as determinadas no acordo do Pleno da Deputación de data 7 de xullo de 2011.

#### 3. Retribucións do persoal laboral temporal e funcionarios interinos:

As retribucións do persoal laboral temporal e funcionarios interinos serán as que figuren nos seus respectivos contratos, e non poderán superar en ningún caso as correspondentes ós funcionarios de carreira de similar categoría.

#### 4. Productividade:

A cantidade global destinada a produtividade ascende a **1.034.103,42 €** na Deputación Provincial e a **245.000,00 €** no INLUDES, e corresponde ó Presidente a distribución da dita contía segundo o determinado no Acordo Marco Único e no Convenio Colectivo e os criterios que se establezan pola Presidencia, segundo acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación.

## **BASE 16ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓNS**

### **1. Dos membros da Corporación e Grupos Políticos:**

1.1. As retribucións ós membros da Corporación, rexeranse polo sinalado no acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o día sete de xullo de 2011, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 158, de data doce de xullo de 2011, ou daqueles acordos que poidan adoptarse no seu lugar. De igual xeito para o INLUDES, segundo acordo do Consello Reitor do 9 de novembro de 2011.

As indemnizacións por axudas de custo, asistencia e locomoción rexeranse polo sinalado no acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o día sete de agosto de 2007, publicado no Boletín da Provincia número 182, de data oito de agosto de 2007. De igual xeito para o INLUDES, segundo acordo do Consello Reitor do 9 de novembro de 2011.



As asistencias de membros e persoal ós órganos colexiados dos entes dependentes ou sociedades desta Deputación son as determinadas polo Padroado ou Consello de Administración.

1.2. As asignacións económicas ós Grupos Políticos da Corporación, son as aprobadas polo Pleno desta Deputación en sesión celebrada o día sete de xullo de 2011, coincidentes coas aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o día sete de agosto de 2007, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 182, de data oito de agosto de 2007, ou daqueles acordos que poidan adoptarse no seu lugar. Os pagamentos efectuaranse entre o 20 e o 25 de cada mes.

## **2. Outras Indemnizacións:**

2.1. As indemnizacións para o persoal e demais que se relacionen cos entes a que se refiren estas Bases, rexeranse polo disposto no RD 462/2002, de 24 de maio, e demais normativa estatal e autonómica que lles sexa de aplicación en cada caso. Poderán ser resarcidos os gastos xustificados de transporte público ou privado que se produzan co obxecto do bo fin da xestión encomendada, así como outros que poideran supoñer un enriquecemento inxusto en detrimento dos afectados. As facturas das axencias de viaxes e demais intermediarios de natureza análoga, poderán constituír proba formal dos gastos, sempre que destas e do resto da documentación que se achegue, resulten claramente os conceptos a indemnizar.

Por razóns operativas e funcionais, en principio, a autorización ou orde de saída para a realización de cursos, xornadas ou similares corresponde ó Presidente, nos restantes supostos a autorización deberá realizala o Delegado/a correspondente, se ben por razóns operativas e funcionais no relativo ó Parque Móbil corresponderá ó Xefe do Parque Móbil, en relación ó persoal adscrito á dita unidade administrativa.

A Dilixencia de cumprimento de servizo encomendado así como a liquidación das indemnizacións correspondentes serán efectuadas polo interesado de acordo co disposto no RD 462/2002, de 24 de maio.

A Presidencia poderá establecer, cando o estime axeitado, as instrucións xerais ou concretas para un mellor desenvolvemento destas actuacións.

2.2. Nos supostos en que por causas excepcionais e xustificadas, non se puidera achegar a xustificación orixinal acreditativa da prestación do servizo, poderanse substituír estes documentos polas probas complementarias suficientes ou por declaración xurada do interesado.

2.3. Nos casos de tribunais, comisións ou outros órganos colexiados para valorar bolsas de estudo, axudas para vivenda, garderías ou similares, as súas funcións e as contías oportunas asimílanse ás recollidas no Art. 29 e Anexo IV, categoría A do Real Decreto 462/2002 do 24 de maio.

Este apartado haberá de ser obxecto da publicidade a que se refire o artigo 75.5. da Lei 7/1985, 2 de abril, de Bases del Réxime Local, en razón de que é de aplicación ós membros desta Corporación que formen parte do devandito Órgano.

2.4. Por analoxía co disposto no artigo 8 do Real Decreto 462/2002, o persoal que forme parte de delegacións oficiais presididas por membros da Corporación, poderán percibir as axudas de custo do grupo correspondente a estes, ou ben serán resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados.

2.5. Para estes efectos do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, Anexo 1º, asimílanse ó grupo 1 os funcionarios con habilitación de carácter nacional.

## **BASE 17ª: GASTOS OU CONTRATOS MENORES**

A tramitación de gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ó disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, (en adiante LCSP) adecuaranse, con carácter xeral, ós seguintes criterios:

### **1.- NORMAS COMÚNS:**

En ningún caso poderán considerarse contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto.

Corresponderá á unidade administrativa que propoña a formalización dun contrato menor, verificar previamente, a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa tramitación, asumindo, en caso contrario, a responsabilidade á que houbera lugar.

Nos casos que así se determine para cada unha das clases de contratos regulados na presente base, as propostas de formalización deberanse remitir, para a súa tramitación, ao Servizo de Contratación e Fomento.

Os contratos menores terán unha duración inferior ó ano e procurarase a súa imputación ó exercicio orzamentario no que se realiza a prestación.

Non poderán ser obxecto de prórroga, ampliación, incremento, revisión de prezos nin obxecto de fraccionamento.

Naqueles contratos nos que a unidade administrativa propoñente dependa directamente de Presidencia, poderá ser substituída a conformidade do Ilmo. Sr. Presidente pola da Deputada Delegada de Economía e Facenda.

Nos supostos que por motivos xustificados o gasto fora realizado con anterioridade á resolución que determina a selección do contratista, e sempre que existira consignación orzamentaria axeitada e suficiente, a factura poderase recoñecer e ordenar o seu pago, simultaneamente coa aprobación do gasto.

## 2. CONTRATOS DE OBRAS:

2.1. Cando a contía das obras a realizar sexa inferior ou igual a 5.000,00 €, será suficiente a tramitación por parte da unidade administrativa do expediente que deberá conter:

- Informe técnico.
- Conformidade do Deputado/a Delegado competente.
- A descrición das obras realizadas.
- A cuantificación do seu importe.
- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- A achega da factura coa dilixencia de conformidade da unidade administrativa.

2.2. Cando a contía das obras a realizar sexa superior a 5.000,00 €, o expediente conterá:

- Proposta razoada da unidade administrativa.
- Informe técnico.
- Conformidade do Deputado/a Delegado competente.
- Unha memoria valorada detallada.
- Proxecto técnico, se é o caso.

- d) Cando se trate de expedientes de aprobación de gasto, pola contía adicional do artigo 58 do RLXS, unha vez obtida a financiación adicional, se verificará como extremo adicional que non se supera o importe establecido na convocatoria.
- e) Xustificación ou declaración responsable do beneficiario, segundo proceda, de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de tal, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nestas bases.
- f) Informe ou proposta da unidade administrativa xestora, no que se manifieste que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

#### 1.3.6.4. Xustificación de obrigas derivadas de subvencións:

En función da modalidade de xustificación:

- a) Conta xustificativa: que consta formalmente a documentación que contemplan os Art. 72 e seguintes do RLXS, en función da modalidade prevista en cada caso.
- b) Acreditación por módulos: que conste formalmente a documentación que contemplan os Art. 76 e seguintes do RLXS.
- c) Presentación de estados contables: que conste formalmente a documentación que contempla o Art. 80 do RLXS.
- d) Nos supostos en que as bases ou acordos establezan outros sistemas: que conste formalmente a documentación esixida por estes.

En todos os casos: Informe da unidade administrativa xestora correspondente, en relación ó expediente, referente ó grao de cumprimento dos fins para os que se outorgou a subvención, adecuación dos gastos ós devanditos fins e a corrección da documentación presentada.

#### 1.3.6.5. Anticipos de subvencións:

Que existe informe do órgano xestor nos termos establecidos nas bases reguladoras de concesión da subvención e nas presentes bases de execución.

### **1.3.7. PROPOSTAS DE INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PERDAS POR RESPONSABILIDADE DE CARÁCTER EXTRA CONTRACTUAL:**

- a) Informe do órgano de xestión.
- b) Valoración pericial.
- c) Informe xurídico.

### **1.3.8. OBRAS EN XERAL:**

- a) Obra nova:

Aprobación do gasto:

- Que existe proxecto informado pola oficina ou unidade de supervisión, ou polos servizos técnicos correspondentes no seu defecto, se procede. Cando non exista informe da Oficina de Supervisión de Proxectos e non resulte procedente pola razón da contía, que ao expediente se incorpora pronunciamento expreso de que as obras do proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.
- Que existe prego de cláusulas administrativas particulares e os informes preceptivos.
- Cando se utilice prego tipo de cláusulas administrativas, verificar que o contrato a realizar é de natureza análoga ó informado preceptivamente.
- Que existe acta de planeamento previo.
- Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo establece, para a determinación da oferta economicamente máis ventaxosa, criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato; e que cando se utilice como único criterio este sexa o do precio máis baixo.
- Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo prevé, cando proceda, que a documentación realtiva aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor ha de presentarse en sobre independente do resto da proposición.
- Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren as circunstancias previstas nos artigos 154 e 155 da LCSP.

- Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún suposto de aplicación do artigo 164 da LCSP.
- Cando se prevea un prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 92 ter da LCSP, verificar que se expresa a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo podan afectar as modificacións.
- Cando esté previsto no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da subasta electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma se basen en modificacións referidas ó prezo ou requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.

#### Compromiso do gasto. Adxudicación:

- Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de contratación, que existe decisión motivada do órgano de contratación.
- Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude de información ós licitadores supostamente comprendidos nelas, e do informe do servizo técnico correspondente.
- Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación, de conformidade co disposto na LCSP. Asimesmo verificarase que se publicou o anuncio correspondente nos supostos do artigo 161 da LCSP.
- Conformidade, cando proceda, da clasificación concedida ó contratista que se propón como adxudicatario coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Que se acredita a constitución da garantía.
- Acreditación polo empresario ó que se lle adxudicou provisionalmente o contrato de que está ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

#### Compromiso do gasto. Formalización:

- No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de contratación, ou do propio órgano de contratación, que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano que ha de re-

solver o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión.

b) Modificados que impliquen aumentos de crédito:

- No caso de modificacións previstas segundo o artigo 92 ter da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos ou no anuncio da licitación, e que non supera a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poden afectar. No caso de modificacións non previstas, que se acompaña informe técnico justificativo dos extremos previstos nos apartados 1 e 3 o artigo 92 quáter da LCSP.
- Que existe proxecto informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede. Cando non exista informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, e non resulte procedente por razón da contía, que ao expediente incorpórase pronunciamento expreso de que as obras do proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.
- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaria.
- Que existe acta de planeamento previo, se procede.

c) Obras accesorias ou complementarias:

- Que exista proxecto, se é o caso.
- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.
- Que existe acta de planeamento previo, se procede.

Cando se propoña a adxudicación ó mesmo contratista da obra principal, a verificación do cumprimento co disposto no artigo 155.b) da LCSP limitarase á circunstancia de que non se supera o límite do 50%. Se é diferente contratista verificaranse os requisitos da obra principal.

d) Revisións de prezos (aprobación do gasto):

- Que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 77.1 e 2 da LCSP e que a posibilidade de revisión non está expresamente excluída no prego de cláusulas administrativas particulares.

e) Certificacións de obra:

- Que existe certificación, autorizada polo facultativo director da obra.
- No caso de efectuarse anticipos dos previstos no artigo 215.2 da LCSP, comprobar que tal posibilidade está contemplada no prego de cláusulas administrativas particulares, e que se prestou a garantía esixida.
- Cando a certificación de obra inclúa revisión de prezos para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da LCSP e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Que se achegue factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento que restipula as obrigas de facturación.

f) Certificación final:

- Que exista informe do servizo técnico correspondente, si procede.
- Que se achega certificación e acta de conformidade da recepción da obra ou, se é o caso, acta de comprobación á que se refire o artigo 168 do RXLCAP ou acta de comprobación e medición á que se refire o artigo 222.1 da LCSP .
- Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da LCSP e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Que se achegue factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento que estipula as obrigas de facturación.

g) Liquidación:

- Que exista informe favorable do facultativo director de obra.
- Que exista informe do servizo técnico correspondente, si procede.
- Que se achegue factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento que estipula as obrigas de facturación.

h) Pagamento de xuros de mora:

- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.

i) Indemnización a favor do contratista:



- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.
- Que existe informe técnico e valoración pericial, si procede.

j) Resolución do contrato de obra:

- Que, se é o caso, existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.

### **1.3.9. CONTRATACIÓN CONXUNTA DE PROXECTO E OBRA:**

A fiscalización destes expedientes realizarase segundo o previsto para os de obras en xeral, coas seguintes especialidades:

a) Aprobación e compromiso do gasto:

Adxudicación: De acordo co artigo 108 da LCSP a fiscalización posponse ó momento inmediato anterior á adxudicación, debendo comprobarse como extremos adicionais os seguintes:

- Que se achega xustificación sobre a súa utilización de conformidade co artigo 108.1 da LCSP.
- Que existe anteproxecto ou, se é o caso, bases técnicas ás que o proxecto deba axustarse.
- Que existe prego de cláusulas administrativas particulares e que consta o informe da Secretaría.
- Cando se utilice prego-tipo de cláusulas administrativas, verificar que o contrato a realizar é de natureza análoga ó informado pola Secretaría.
- Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo establece, para a determinación da oferta economicamente máis ventaxosa, criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato.
- Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo prevé, cando cumpra, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor ha de presentarse en sobre independente do resto da proposición.
- Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren as circunstancias previstas nos artigos 154 e 155 da LCSP.

- Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún suposto de aplicación do artigo 164 da LCSP.
- Cando se prevea no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 92 ter da Lei de Contratos do Sector Público, verificar que se expresa a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar as modificacións.
- Cando esté previsto no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da subasta electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma se basen en modificacións referidas ó prezo ou requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.
- Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, que existe decisión motivada do órgano de contratación.
- Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude de información ós licitadores supostamente comprendidos nelas, e do informe do servizo técnico correspondente.
- Conformidade, cando proceda, da clasificación concedida ó contratista que se propón como adxudicatario coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación, de conformidade co disposto na LCSP. Asimesmo verificarase que se publicou o anuncio correspondente nos supostos do artigo 161 da LCSP.
- Que, se é o caso, se acredita a constitución da garantía definitiva.
- Acreditación polo empresario ó que se lle adxudicou provisionalmente o contrato de que está ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Formalización: No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de contratación, ou do propio órgano de contratación, que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano que ha de resolver o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión.

b) Certificacións de obra: Cando se fiscalice a primeira certificación, xunto cos aspectos previstos no parágrafo de certificación de obras nos contratos de obras en xeral, deberá comprobarse:

- Que existe proxecto informado polos servizos técnicos correspondentes e aprobado polo órgano de contratación.
- Que existe acta de planeamento previo.

c) Supostos específicos de liquidación do proxecto: Naqueles supostos nos que, conforme ó previsto no artigo 108.3 da LCSP, o órgano de contratación e o contratista non chegaran a un acordo sobre os prezos, e conforme ó artigo 108.5 da LCSP, a Administración renunciará á execución da obra, os extremos a comprobar na liquidación dos traballos de redacción dos correspondentes proxectos serán os relativos á liquidación dos contratos de servizos.

#### **1.3.10. EXECUCIÓN DE OBRAS POLA ADMINISTRACIÓN:**

a) Informe acreditativo de que concorre algún dos supostos previstos polo artigo 24.1 da LCSP.

b) Que existe proxecto informado ou subscrito polo servizo técnico correspondente, segundo proceda.

c) Que existe acta de planeamento previo.

#### **1.3.11. SUBMINISTRACIÓNS EN XERAL:**

a) Expediente inicial (aprobación do gasto):

- Que existe prego de cláusulas administrativas particulares e os informes preceptivos e, se é o caso, prego de prescricións técnicas da subministración.
- Cando se utilice prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, verificar que o contrato que se vai celebrar é de natureza análoga ó informado preceptivamente.
- Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo establece, para a determinación da oferta economicamente máis ventaxosa, criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato; e que cando se utilice como único criterio este sexa o do precio máis baixo.
- Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo prevé, cando cumpra, que a documentación relativa aos criterios cuxa

ponderación dependa dun xuízo de valor ha de presentarse en sobre independente do resto da proposición.

- Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren as circunstancias previstas nos artigos 154 e 157 da LCSP.
- No seu caso, que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo se axusta ó previsto na LCSP.
- Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 164 da LCSP.
- Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 92 ter da Lei de Contratos do Sector Público, verificar que se expresa a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar as modificacións.
- Cando esté previsto no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da subasta electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma se basen en modificacións referidas ó prezo ou requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.

#### b) Compromiso do gasto:

##### Adxudicación:

- Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, que existe decisión motivada do órgano de contratación.
- Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude de información ós licitadores supostamente comprendidos nelas, e do informe do servizo técnico correspondente.
- Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación, de conformidade co disposto na LCSP. Asimesmo verificarase que se publicou o anuncio correspondente nos supostos do artigo 161 da LCSP.
- Que se é o caso, se acredita a constitución da garantía definitiva.
- Acreditación polo empresario ó que se lle adxudicou provisionalmente o contrato de que está ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Formalización: No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de contratación, ou do propio órgano de contratación, que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano que ha de resolver o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión.

c) Revisión de prezos (aprobación do gasto):

- Que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 77.1 e 2 da LCSP e que a posibilidade de revisión non está expresamente excluída no prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Modificación do contrato:

- No caso de modificacións previstas segundo o artigo 92 ter da LCSP, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos ou no anuncio da licitación, e que non supera a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poden afectar. No caso de modificacións non previstas, que se acompaña informe técnico justificativo dos extremos previstos nos apartados 1 e 3 o artigo 92 quáter da LCSP.
- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.

e) Aboamentos “a conta”:

- Que existe a conformidade dos servizos competentes.
- Que se achega factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento que estipula as obrigas de facturación.
- No caso de efectuarse anticipos dos previstos artigo 200.3 da LCSP, comprobar que se prestou a garantía esixida.

f) Aboamento total ou pagamento da liquidación se existiran aboamentos “a conta”:

- Que se acompaña, segundo proceda, certificación, acta, ou dilixencia na factura, relativa á recepción da subministración.

- Que se achega factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.
- Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da LCSP e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión de prezos no prego de cláusulas administrativas particulares.

g) Prórroga dos contratos:

- Que está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Que non se superen os límites de duración previstos no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento descriptivo.
- Que se acompaña informe de Secretaría.

h) Pagamento de xuros de mora:

- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.

i) Indemnizacións a favor do contratista:

- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.
- Que existe informe técnico.

j) Resolución do contrato de subministración:

- Que, se é o caso, existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.

### **1.3.12. CONTRATOS DE SERVICIOS:**

a) Expediente inicial:

Aprobación do gasto:

- Que existe o prego de cláusulas administrativas particulares e estea informado polo Servizo de Contratación e Fomento e doutros posibles que sexan preceptivos, e se é o caso, prego de prescripcións técnicas.

- Que o obxecto do contrato estea perfectamente definido, de tal xeito que permita a comprobación do exacto cumprimento das obrigas por parte do contratista.
- Cando se utilice modelo de prego de cláusulas administrativas, verificar que o contrato que se vai realizar é de natureza análoga ó informado preceptivamente.
- Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo establece, para a determinación da oferta economicamente máis ventaxosa, criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato; e que cando se utilice como único criterio este sexa o do precio máis baixo.
- Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo prevé, cando cumpra, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor ha de presentarse en sobre independente do resto da proposición.
- Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo se axusta ó previsto na LCSP.
- Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren as circunstancias previstas nos artigos 154 e 158 da LCSP.
- Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 164 da LCSP.
- Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 92 ter da Lei de Contratos do Sector Público, verificar que se expresa a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar as modificacións.
- Cando esté previsto no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da subasta electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma se basen en modificacións referidas ó prezo ou requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.
- Comprobar a forma de pagamento proposta e o cumprimento das condicións requeridas para os pagamentos “a conta”, se é o caso.

Compromiso do gasto. Adxudicación:

- Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, que existe decisión motivada do órgano de contratación.

- Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude de información ós licitadores supostamente comprendidos nelas, e do informe do servizo técnico correspondente.
- Conformidade, cando proceda, da clasificación concedida ó contratista que se propón como adxudicatario coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación de conformidade co disposto na LCSP. Asimesmo verificaráse que se publicou o anuncio correspondente nos supostos do artigo 161 da LCSP.
- Que se é o caso, se acredita a constitución da garantía definitiva.
- Acreditación polo empresario ó que se lle adxudicou provisionalmente o contrato de que está ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Compromiso do gasto. Formalización: No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de contratación, ou do propio órgano de contratación, que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano que ha de resolver o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión.

b) Modificación do contrato:

- No caso de modificacións previstas segundo o artigo 92 ter da LCSP, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos ou no anuncio da licitación, e que non supera a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poden afectar. No caso de modificacións non previstas, que se acompaña informe técnico justificativo dos extremos previstos nos apartados 1 e 3 o artigo 92 quáter da LCSP.
- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.

c) Contratos complementarios de servizos:

- Deberán comprobarse os mesmos extremos previstos para os expedientes iniciais. Cando se propoña a adxudicación ó contratista principal, a verifica-



ción do cumprimento do disposto no artigo 158.b da LCSP se limitará á circunstancia de que non supera o límite do 50 % do prezo primitivo do contrato.

d) Revisión de prezos (aprobación do gasto):

- Que se cumpran os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da LCSP e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión do prego de cláusulas administrativas particulares.

e) Aboamentos “a conta”:

- Que existe informe do órgano correspondente valorando o traballo parcial executado.
- Que se achega factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.
- Cando no aboamento se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da LCSP e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.
- No caso de efectuarse anticipos, dos previstos no artigo 200.3 da LCSP, comprobar que se prestou a garantía esixida.

f) Prórroga dos contratos:

- Que está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Que non se superen os límites de duración previstos no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento descriptivo.
- Que se acompaña informe de Secretaría.

g) Aboamento total ou pagamento da liquidación se existiran aboamentos “a conta”:

- Que se acompaña, segundo proceda, certificación, acta, ou dilixencia na factura de conformidade da recepción dos traballos.
- Que achega factura a empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

- Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da LCSP e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.

h) Pagamento de xuros de mora:

- Que exista informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.

i) Indemnizacións a favor do contratista:

- Que exista informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.
- Que exista informe técnico.

j) Resolución do contrato:

- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.

### **1.3.13. CONTRATOS PATRIMONIAIS:**

a) Adquisición de bens inmoables:

- Proposta de adquisición e aprobación do gasto polo servizo interesado.
- Nos procedementos de adquisición por concurso, que existe prego de condicións do concurso.
- Informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.
- Informe técnico e valoración pericial.

b) Arrendamento de bens inmoables:

- Proposta de arrendamento e aprobación do gasto polo departamento interesado.
- Nos procedementos de arrendamento por concurso, que existe prego de condicións do concurso.
- Informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.
- Valoración pericial comparativa do arrendamento proposto e da alternativa de adquisición e acondicionamento dun inmoable para o mesmo fin.

### **1.3.14. EXPROPIACIÓN FORZOSA:**

a) Depósitos previos:

- Que existe acordo acreditativo da redacción das actas previas.
- Que existe folla de depósito previo á ocupación.

b) Nos expedientes de determinación do prezo xusto polos procedementos ordinario e de mutuo acordo:

- Que existe informe dos servizos técnicos correspondentes en relación co valor do ben obxecto da expropiación.

c) Nos expedientes de gasto nos que o prezo xusto fora fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións ou órgano de análoga natureza:

- Non se efectuará a comprobación de ningún aspecto adicional.

d) Pagamento de xuros de mora:

- Proposta do servizo.

### **1.3.15. CONVENIOS DE COLABORACIÓN.**

Nos expedientes que polo seu contido estivesen incluídos no ámbito de aplicación da LCSP ou outras normas administrativas especiais, a fiscalización e os extremos adicionais que deban verificarse serán os que se apliquen á categoría do gasto correspondente.

Nos expedientes que polo seu obxecto impliquen unha subvención ou axuda pública se verificarán os requisitos contemplados nas presentes bases para os expedientes de subvencións.

Nos restantes expedientes:

a) Convenios de colaboración coa Comunidade Autónoma ou outras entidades públicas a que se refire o artigo 4.1.c) da LCSP:

Subscrición, modificacións substanciais e prórroga:

- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría, sobor do texto do convenio.

b) Convenios de colaboración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ó Dereito privado:

Subscrición, modificacións substanciais e prórroga:

- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría, sobor do texto do convenio.

**1.4. De conformidade co establecido no artigo 219.1 do TRLRFL, non estarán sometidos a intervención previa os gastos de material non inventariable, contratos menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo unha vez intervido o gasto correspondente ó período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores de 3.005,06 € que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos da caixa fixa. En todo caso a tramitación destes gastos requirirá a verificación da existencia de crédito orzamentario dispoñible, adecuado e suficiente, a través da expedición do documento contable de retención de crédito.**

## **2. INGRESOS:**

Así mesmo, en materia de ingresos públicos, tanto propios da Deputación ou do INLUDES como os que se xestionan e/ou recaden doutros entes públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

## **BASE 37º: PROCEDIMIENTO DE FISCALIZACIÓN PLENA POSTERIOR**

1. A fiscalización plena posterior deberá realizala a Intervención nos seis primeiros meses do exercicio seguinte a aquel no que se produciron os ingresos e gastos obxecto da fiscalización previa limitada, utilizando para este efecto os procedementos que xulgue oportunos, en función da carga de traballo existente e dos medios persoais e materiais dispoñibles procurando, non obstante, adecuarse ós criterios establecidos pola Intervención Xeral do Estado a través das circulares 3/92, do 3 de marzo, e 2/93, do 3 de marzo.

2. O informe anual de fiscalización plena posterior que emite a Intervención sobre o cumprimento da legalidade na tramitación de dereitos e obrigas someterase ó seguinte proceso:

- Será comunicado, durante o prazo de dez días naturais, ós órganos xestores co fin de que elaboren os seus respectivos informes sobre as cuestións formuladas.
- Un exemplar do informe anual da intervención xunto cos informes dos órganos xestores unirase á Conta Xeral do Orzamento para a súa tramitación como un estado máis dela.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Nos extremos adicionais a fiscalizar nos apartados 1.3.8, 1.3.9, 1.3.11 e 1.3.12, mantense a distinción entre adxudicación provisional e adxudicación definitiva, en tanto se tramiten expedientes de contratación iniciados con anterioridade á entrada en vigor da modificación da LCSP pola Lei 34/2010, de 5 de agosto, unificándose nos expedientes de contratación iniciados con posterioridade á entrada en vigor de dita modificación.

## DISPOSICIÓN FINAIS

**Primeira:** Dos estados de Gastos e destas Bases, procurarán ter copia os servizos e unidades administrativas, para o seu coñecemento e cumprimento. A Intervención facilitará o cumprimento desta obriga polos medios técnicos que estime oportunos.

**Segunda:** Os Orzamentos, unha vez aprobados definitivamente, teñen efectos a día 1 de xaneiro do 2012 (art. 21-6 do RD 500/90). As presentes Bases de execución aplicaranse en todos os supostos que determine a execución do orzamento do exercicio, e dos pechados pendentes, aínda que se refiran a supostos de feitos nados con anterioridade.

**Terceira:** Os entes dependentes poderán establecer protocolos ou criterios relativos á súa regulación económico-financeira, que complementarán o disposto nestas Bases.

En Lugo, 15 de novembro de 2011

O PRESIDENTE,

Asdo.: José Ramón Gómez Besteiro



DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2012

## 6. Relación de subvenciones nominativas



# ORZAMENTOS 2012

## SUBVENCIONES NOMINATIVAS

**Proposta:** De acordo co artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos das entidades locais.

Con ese fin, propóñense as subvencións nominativas, que no seu caso, serán desenvolvidas a través dos oportunos convenios. Na descripcións das mesmas se establece o concepto ao que serán destinadas.

| DESCRIPCIÓN  | PERCEPTOR   | IMPORTE      | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | TOTAL          |
|--|---|--------------|-------------------------|----------------|
| Actividades  | AVIFAUNA  | 30.000,00 €  | 1690.489.00             |                |
| GASTOS MANTENIMENTO  | COLEXIO OFICIAL SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMÓN. LOCAL DA PROVINCIA DE LUGO | 10.000,00 €  | 1690.489.00             | 40.000,00 €    |
| APORTACIÓN CONSERVATORIOS  | CONCELLO DE VILALBA   | 25.000,00 €  | 3340.462                |                |
| APORTACIÓN CONSERVATORIOS  | CONCELLO DE MONFORTE  | 25.000,00 €  | 3340.462                |                |
| APORTACIÓN CONSERVATORIOS  | CONCELLO DE VIVEIRO   | 25.000,00 €  | 3340.462                | 75.000,00 €    |
| CONVENIO ACTIVIDADES LUGO CULTURAL   | LUGO CULTURAL   | 20.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES  | MESA  | 30.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES  | AS-PG (ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA)  | 50.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| CONVENIO 4 DEPUTACIONS E XUNTA   | OTERO PEDRAYO   | 3.800,00 €   | 3340.48900              |                |
| REALIZACIÓN CONCERTOS  | ESCOBIJAZZ  | 5.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| SEMANA DE CINE   | FONMINA   | 45.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| REALIZACIÓN CONCERTOS  | FILARMÓNICA LUGO  | 10.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PROGRAMA APOI  | MUSEO POBO GALEGO   | 16.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| REALIZACIÓN CONCERTOS  | FILARMÓNICA MONFORTE  | 4.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| CELEBRACIÓN DO ENCONTRO DE PANDEIRAS   | ASOC CULTURAL O TEIXEIRO  | 4.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| CELEBRACIÓN FESTA DAS FACHAS   | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN MARTIÑO DE VILELOS  | 4.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| CELEBRACIÓN DAS DANZAS DA CERVELA  | OS TURULECAS DO INICIO  | 4.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| CELEBRACIÓN DA FESTA DO MECO E DA PAMPÓNIGA  | ASOCIACIÓN O SOUTO DO VAL   | 4.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| CELEBRACIÓN DO ENTROIDO  | ASOCIACIÓN DE AMIGOS ENTROIDO RIBEIRAO  | 4.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| CELEBRACIÓN DA FESTA DO OSO DE SALCEDO   | ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO OSO DE SALCEDO  | 4.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| CELEBRACIÓN DA FESTA DAS FACHAS  | ASOCIACIÓN CULTURAL E RECREATIVA AS FACHAS (TABOADA)  | 4.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| GASTOS DE XESTIÓN E FUNCIONAMENTO DA TRADESCOLA E ACTIVIDADES  | AGG (ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS)   | 75.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| ORGANIZACIÓN FESTIVAL DE PARDINAS  | ASOCIACIÓN CULTURAL XERMOLOS  | 5.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| ESTALMAT   | UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  | 3.000,00 €   | 3340.48900              |                |
| PROXECTO NOMES E VOCES   | UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  | 30.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| GASTOS DE FUNCIONAMENTO E XESTIÓN  | ASOCIACIÓN MONTES DA GALIZA "MONTEGAL"  | 20.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES  | ASOCIACIÓN GALEGA DA LINGUA   | 10.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| GASTOS DE FUNCIONAMENTO  | PNC (PREESCOLAR NA CASA)  | 15.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| GASTOS DE XESTIÓN E ACTIVIDADES  | FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE   | 35.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| GASTOS DE FUNCIONAMENTO  | REAL ACADEMIA GALEGA  | 12.000,00 €  | 3340.48900              |                |
| GASTOR DE FUNCIONAMENTO  | FUNDACIÓN UXÍO NOVONEIRA  | 32.000,00 €  | 3340.48900              | 448.800,00 €   |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | CLUB PORTA XI CLUB DE BALONCESTO  | 85.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | CLUB ESTUDIANTES  | 50.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN DE GASTOS DE TEMPADA  | AGRUPACIÓN DEPORTIVA A PINGUELA-MONFORTE  | 42.500,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | C.D. BURELA F.S.  | 100.000,00 € | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA   | 180.000,00 € | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN PROMOCIÓN F. SALA NA PROVINCIA  | FUNDACIÓN AZKAR   | 60.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | CLUB EMEVE  | 42.500,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | MURALLA RUGBI CLUB  | 7.000,00 €   | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN SUBIDA A CHANTADA  | ESCUDERIA CHANTADA  | 10.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN RALLIE SAN FROILAN   | ESCUDERIA MINO  | 40.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN RALLIE A ULLOA  | ESCUDERIA COMARCA DA ULLOA  | 28.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | CLUB BALONCESTO CHANTADA  | 20.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | CLUB DEPORTIVO LUGO   | 225.000,00 € | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | CLUB TRIATLÓN CIDADE DE LUGO  | 18.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN DE LIGA DE BOLOS PROVINCIAL  | CLUB BOLOS O CADAVAL  | 7.000,00 €   | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | JOSÉ ANTONIO LISTE  | 20.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | PEDRO BURGO VILANOVA  | 35.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| CAMPIONATO DE ESPAÑA DE MOTOR  | SERGIO VALLEJO FOLGUEIRA  | 20.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| GASTOS TEMPADA 3ª DIVISIÓN MÁIS CATEGORÍAS BASE  | RACING CLUB VILALBÉS  | 40.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| GASTOS TEMPADA 1ª DIVISIÓN FEMININA MÁIS CATEGORÍAS BASE   | PELUQUERÍA MIXTA FRIOL  | 20.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| VOLTA CICLISTA AS COMARCAS   | CLUB CICLISTA CIDADE DE LUGO  | 85.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | CLUB LOITA VILALBA  | 10.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| ENDURO BECERREA  | MOTO CLUB SPRINT  | 20.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| PROMOCIÓN FÚTBOL SALA NA PROVINCIA   | FUNDACIÓN BURELA F.S.   | 25.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| GASTOS TEMPADA PARA AS SECCIÓN DEPORTIVAS DE TENIS, NATACIÓN, ATLETISMO, DEPORTE DE ORIENTACIÓN E PIRAGÜISMO | CLUB FLUVIAL DE LUGO  | 10.000,00 €  | 3410.48900              |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | CLUB CALASANCIO   | 10.000,00 €  |                         |                |
| SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA   | CLUB BASANTA MOTORSPORT   | 20000        | 3410.48900              | 1.230.000,00 € |

| DESCRIPCIÓN            | PERCEPTOR           | IMPORTE      | ORZAMENTARIA | TOTAL        |
|------------------------|---------------------|--------------|--------------|--------------|
| SUBV. GASTOS TEMPORADA | FUNDACIÓN BALOGAL   | 125.000,00 € | 3410.48905   |              |
| SUBV. GASTOS TEMPORADA | C.B.BREOGAN, S.A.D. | 500.000,00 € | 3410.48905   | 625.000,00 € |





DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2012

# 7. Liquidacións Orzamentos





Liquidación Orzamento 2011 a 30 de xuño

(en primeiros meses)

| CAPITULOS                             | Previsions Iniciais    | Modificacións           | Previsions Definitivas  | Dereitos Recolectados   | DR Anulados            | DR Cancelados          | DR Netos               | % DR Netos sobre Prev. Def. | Recadación Neta        | % Recad. Neta sobre DR Netos | Dereitos Pendentes de cobro | EXCESO /DEFECTO PREVISION |
|---------------------------------------|------------------------|-------------------------|-------------------------|-------------------------|------------------------|------------------------|------------------------|-----------------------------|------------------------|------------------------------|-----------------------------|---------------------------|
| <b>INGRESOS</b>                       |                        |                         |                         |                         |                        |                        |                        |                             |                        |                              |                             |                           |
| I IMPUESTOS DIRECTOS                  | 5.114.560,00 €         | 0,00 €                  | 5.114.560,00 €          | 1.210.490,66 €          | 7.826,36 €             | 0,00 €                 | 1.202.664,30 €         | 23,51%                      | 1.202.664,30 €         | 100,00%                      | 0,00 €                      | 3.911.895,70 €            |
| 2 IMPUESTOS INDIRECTOS                | 3.596.500,00 €         | 0,00 €                  | 3.596.500,00 €          | 1.565.902,80 €          | 73.176,05 €            | 0,00 €                 | 1.492.726,75 €         | 41,50%                      | 1.492.726,75 €         | 100,00%                      | 0,00 €                      | 2.103.773,25 €            |
| 3 TAXAS E OUTROS INGRESOS             | 7.618.416,00 €         | 0,00 €                  | 7.618.416,00 €          | 35.226.542,55 €         | 304.494,43 €           | 0,00 €                 | 4.777.099,14 €         | 62,70%                      | 4.279.144,87 €         | 89,58%                       | 497.954,27 €                | 2.841.316,86 €            |
| 4 TRANSFERENCIAS CORRIENTES           | 54.440.060,00 €        | 152.745,29 €            | 54.592.805,29 €         | 23.275.178,65 €         | 755.626,00 €           | 0,00 €                 | 22.519.552,65 €        | 41,25%                      | 22.519.552,65 €        | 100,00%                      | 0,00 €                      | 32.073.252,64 €           |
| 5 INGRESOS PATRIMONIAIS               | 3.516.000,00 €         | 0,00 €                  | 3.516.000,00 €          | 532.956,20 €            | 12.411,02 €            | 0,00 €                 | 520.545,18 €           | 14,81%                      | 520.545,18 €           | 100,00%                      | 0,00 €                      | 2.995.454,82 €            |
| 6 ALLEAMENTO DE INVERSIONS REAIS      | 1.353.181,67 €         | 0,00 €                  | 1.353.181,67 €          | 8.024,98 €              | 0,00 €                 | 0,00 €                 | 8.024,98 €             | 0,59%                       | 8.024,98 €             | 100,00%                      | 0,00 €                      | 1.345.156,69 €            |
| 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL           | 5.193.949,60 €         | 8.740.202,37 €          | 13.934.151,97 €         | 2.899.078,66 €          | 378.706,19 €           | 0,00 €                 | 2.520.372,47 €         | 18,09%                      | 2.449.633,60 €         | 97,19%                       | 70.738,87 €                 | 11.413.779,50 €           |
| 8 VARIACION DE ACTIVOS FINANCIEROS    | 320.000,00 €           | 92.188.268,65 €         | 92.508.268,65 €         | 159.491,10 €            | 7.850,00 €             | 0,00 €                 | 151.641,10 €           | 0,16%                       | 80.260,70 €            | 52,95%                       | 71.380,40 €                 | 92.356.627,55 €           |
| 9 VARIACION DE PASIVOS FINANCIEROS    | 5.250.000,00 €         | 23.062.721,61 €         | 28.312.721,61 €         | 29.060.218,31 €         | 0,00 €                 | 0,00 €                 | 29.060.218,31 €        | 102,64%                     | 29.060.218,31 €        | 100,00%                      | 0,00 €                      | -747.496,70 €             |
| <b>TOTALS</b>                         | <b>86.402.667,27 €</b> | <b>124.143.937,92 €</b> | <b>210.546.605,19 €</b> | <b>93.937.883,91 €</b>  | <b>31.685.039,03 €</b> | <b>0,00 €</b>          | <b>62.252.844,88 €</b> | <b>29,57%</b>               | <b>61.612.771,34 €</b> | <b>98,97%</b>                | <b>640.073,54 €</b>         | <b>148.293.760,31 €</b>   |
| <b>CASTOS</b>                         |                        |                         |                         |                         |                        |                        |                        |                             |                        |                              |                             |                           |
| I GASTOS PERSONAL                     | 20.434.290,63 €        | -561.100,58 €           | 19.873.190,05 €         | 17.840.912,09 €         | 89,77%                 | 8.895.583,22 €         | 44,76%                 | 8.841.087,69 €              | 99,39%                 | 54.495,53 €                  | 10.977.606,83 €             |                           |
| II GASTOS EN BENS CORRIENTES          | 14.039.597,59 €        | 3.479.861,55 €          | 17.519.459,14 €         | 11.666.012,81 €         | 66,59%                 | 8.007.075,94 €         | 45,70%                 | 7.271.689,73 €              | 90,82%                 | 735.386,21 €                 | 9.512.383,20 €              |                           |
| III GASTOS FINANCIEROS                | 1.326.876,53 €         | 65.000,00 €             | 1.391.876,53 €          | 309.450,60 €            | 22,23%                 | 304.704,14 €           | 21,89%                 | 296.823,74 €                | 97,41%                 | 7.880,40 €                   | 1.087.172,39 €              |                           |
| IV TRANSFERENCIAS CORRIENTES          | 23.476.516,28 €        | 22.872.264,57 €         | 46.348.780,85 €         | 43.022.398,18 €         | 92,82%                 | 25.517.163,73 €        | 55,05%                 | 25.071.621,20 €             | 98,25%                 | 445.542,53 €                 | 20.831.617,12 €             |                           |
| V INVERSIONS REAIS                    | 15.201.228,94 €        | 63.843.381,92 €         | 79.044.610,86 €         | 53.239.272,70 €         | 67,35%                 | 30.137.231,79 €        | 38,13%                 | 28.093.460,83 €             | 93,22%                 | 2.043.770,96 €               | 48.907.379,07 €             |                           |
| VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL         | 6.352.646,20 €         | 24.444.530,46 €         | 30.797.176,66 €         | 29.526.969,44 €         | 95,88%                 | 7.546.831,97 €         | 24,51%                 | 6.130.448,04 €              | 81,23%                 | 1.416.483,93 €               | 23.250.244,69 €             |                           |
| VIII VARIACION DE ACTIVOS FINANCIEROS | 320.000,00 €           | 0,00 €                  | 320.000,00 €            | 81.000,00 €             | 25,31%                 | 81.000,00 €            | 25,31%                 | 81.000,00 €                 | 100,00%                | 0,00 €                       | 239.000,00 €                |                           |
Prevese uns ingresos mínimos procedentes de intereses bancarios por importe de 100,00€. Trátase dunha previsión moi prudente probablemente superada na liquidación final do orzamento.



## I.2. Ingresos de capital:

### Capítulo VI:

Non prevíndose alleación ou venda do patrimonio, tampouco pode preverse ingreso ningún procedente daquelas.

### Capítulo VII:

Neste capítulo se inclúen os ingresos previstos procedentes das dúas Administracións que forman o Consorcio para acometer investimento previsto para o exercicio 2012. De acordo co establecido no artigo 25 dos estatutos deste consorcio as achegas dos entes consorciados para sufragar os gastos da fase de construción e equipamento dos parques se efectuarán ao 50% do total do orzamento.

## I.3. Ingresos por operacións financeiras:

### Capítulos VIII e IX:

Non se prevén ingresos por activos financeiros nin por operacións de préstamo a longo prazo de pasivos financeiros, polo que os Capítulos VIII e IX, quedan cunha previsión de recadación inicial de 0,00 €.

## I.4. Conclusión:

Atendido o que precede, despréndese que as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos son as provocadas polas necesidades que figuran no orzamento de gastos sendo aquelas necesidades, especialmente, no que toca aos gastos provocados polo equipamento dos parques, pola xestión indirecta dos mesmos e en menor medida os gastos de persoal directamente asociados ao funcionamento do servizo administrativo do Consorcio.

## II. Suficiencia dos créditos para atender ás obrigas esixibles e ós gastos de funcionamento dos servizos:

### II.1. Operacións correntes:

#### Capítulo I:

Recóllese unha previsión de gastos en materia de persoal (nóminas e seguros sociais) de acordo co establecido para os efectivos delimitados no anexo de persoal. Os salarios do xerente e do auxiliar administrativo calcúlanse considerando o 1 de xaneiro de 2012 como data prevista de incorporación ao Consorcio. Consígnanse asimismo as cantidades para facer fronte ás indemnizacións do secretario interventor para doce mensualidades.

#### Capítulo II:

Recolle os créditos en función das novas obrigas que se prevé contraer que se estiman necesarios e suficientes para a súa atención. Estímase que no ano 2012 se producirán gastos tanto nos órganos de goberno do Consorcio (aluguer e gastos do vehículo da xerencia en réxime de arrendamento e gastos diversos) como os relativos á administración xeral do consorcio. Aismosmo, o gasto máis importante previsto neste capítulo é o que atinxe aos gastos de funcionamento de parques considerando que desde maio de 2011 xa están a funcionar os parques de Chantada, Sarria, Vilalba, Barreiros e Viveiro e tendo en conta que o parque de Monforte de Lemos iniciará as súas actuacións en xaneiro de 2012. No tocante aos cinco parques en funcionamento desde 2011 e considerando que o 1 de maio cumpren un ano prevese, tal e como se estipula no contrato de xestión, un incremento dun 3% no prezo dos mesmo.

#### Capítulo III:

Ainda que non existen operacións de préstamo –a longo prazo ou tesourería– vixentes inclúese unha pequena partida prevendo a posibilidade de utilizar o arrendamento financeiro para o vehículo da xerencia.



#### Capítulo IV:

Non se prevén para esta anualidade obrigas por transferencia cos Concellos aínda que se mantén unha partida para tal fin contemplando a posibilidade de que sexa precisa a súa utilización en supostos futuros.

#### II.2. Operacións de capital:

##### Capítulo VI:

Neste capítulo prevese a necesidade de mellorar o equipamento e flota do parque de Monforte de Lemos. Contempláanse asimesmo pequenos investimentos para completar os xa feitos nos parques en funcoinamento.

##### Capítulo VII

Non se contemplan obrigas por transferencia de capital aínda que se mantén unha partida para o caso de que así sexa preciso.

#### II.3. Operacións financeiras:

##### Capítulos VIII e IX:

No que respecta a obrigas por activos financeiros do Capítulo VII e, finalmente, ás xeradas polos pasivos financeiros do Capítulo IX, carecendo esta Entidade de todas elas estes capítulos carecen de consignacións.

#### II.4. Conclusión:

Á vista do anterior, os créditos que figuran no Proxecto do Orzamento de 2012, aparecen esencialmente recollidos nos Capítulos I e II e VI do Estado de Gastos, estimándose que pola súa contía e natureza deben ser suficientes para a atención das obrigas esixibles nese exercicio.

#### III. Análise económico – financeiro:

**Dado que o inicio de actividade do Consorcio se retrasou e non tendo cantidades de referencia non procede a elaboración dun análise económico financeiro.**

Este é o informe económico – financeiro que emito, salvo erro ou omisión involuntarios na interpretación dos antecedentes e Ordenamento xurídico vixente, para a súa unión ó expediente do Orzamento do exercicio de 2012, a fin de que o Pleno deste Consorcio, á vista de dito expediente, e en exercicio das súas atribucións, adopte o acordo que, axustado a dereito, estime máis favorable para os intereses e fins da Entidade.

Lugo, 28 de setembro de 2011

O secretario – interventor

José Antonio Mourelle Cillero

**Informe de Secretaría - Intervención**

En cumprimento do disposto polo art. 168.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, LRFL), art. 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que o desenvolve parcialmente, ós efectos previstos polo art. 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL) en relación co previsto polo art. 27 do Decreto 19/2009, do 5 de febreiro polo que se aproban os Estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a súa modificación establecida no Decreto 136/2010, do 5 de agosto, polo que se aproba a modificación dos estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e demais disposicións concordantes de aplicación, á vista do Proxecto do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2012 que a Ilma. Presidencia me remite e, sen prexuízo do indicado no informe económico - financeiro que, está engadido xunto co resto dos documentos dese proxecto, esta Secretaría - Intervención, na súa función interventora, emite o presente informe, sobre a base do exame realizado a dito Proxecto:

**I. Contía:**

O proxecto do Orzamento do Consorcio para o exercicio de 2012, ascende, tanto no Estado de Ingresos coma no de Gastos, á cantidade de 5.097.024,66 (CINCO MILLÓNS NOVENTA E SETE MIL VINTECATRO CON SESENTA E SEIS EUROS). En consecuencia, se presenta para a súa aprobación, sen déficit inicial, tal e como require o art. 165.4 LRFL.

**II. Bases de Execución:**

A execución do orzamento realizarase de acordo coas Bases de Execución da Excm. Deputación Provincial de Lugo en tanto lle sexan de aplicación.

**III. Obrigacións e previsións de ingresos:**

Tendo en conta a especial idiosincrasia desta Entidade, se estima que se seguen as disposicións precisas a fin de se conter as previsións para atender ás obrigas da mesma e os dereitos que se calcula liquidar ó longo do exercicio, de conformidade co previsto na LRFL así como no art. 23 dos Estatutos.

**IV. Persoal:**

Á vista do Anexo de Persoal, consta acomodada á Plantilla e Relación dos Postos de Traballo comprensiva da totalidade dos postos e as diferentes funcións e tarefas ós mesmos asignadas. Recolléndose as retribucións con acomodo no previsto respecto dos incrementos retributivos no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2012.

**V. Documentación que debe incluírse no Orzamento:**

De conformidade co vixente texto da LRFL a documentación que debe integrar o expediente comprensivo do orzamento é a seguinte:



## 1. Documentación do art. 165 LRFL:

| DOCUMENTOS ART. 165 LRFL  | PROXECTO ORZAMENTO 2012 |
|---|-------------------------|
| Estados de Gastos, que incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas. | Figuran elaborados      |
| Estados de Ingresos, onde figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar ó longo do exercicio.       | Figuran elaborados      |
| Bases de execución.   | Figuran elaboradas      |

## 2. Anexos que deben unirse ó expediente, esixidos polo art. 166 LRFL:

| DOCUMENTOS ART. 166 LRFL  | PROXECTO ORZAMENTO 2012   |
|---|---|
| De forma potestativa: plans e programas de inversión e financiamento que se formulen, polo prazo de catro anos.   | Non figuran.  |
| Programas anuais de actuación, inversión e financiamento das sociedades mercantís nas que o capital social teña como titular único ou maioritario a Entidade.   | Non existen esas sociedades no Consorcio  |
| Estado consolidado do orzamento da entidade e de tódolos OO.AA. e sociedades mercantís.   | Non se dá o suposto no Consorcio  |
| Estado de previsión e movemento da débeda comprensiva ó detalle de operacións de crédito ou endebedamento pendente de reembolso ó principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ó longo do exercicio –distinguindo a curto ou longo prazo-, de recorrencia ó mercado de capitais e en divisas, así como a amortización que se prevé no exercicio. | Existe certificación negativa (inexistencia de débeda viva e prevista no proxecto de Orzamento para 2012) |

## 3. Documentos esixidos polo art. 168 LRFL:

| DOCUMENTOS ART. 168 LRFL  | PROXECTO ORZAMENTO 2012    |
|---|----------------------------|
| Memoria da Presidencia explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente. | Áchase formulada.          |
| Anexo de persoal da Entidade.   | Áchase engadido.           |
| Anexo das inversións a realizar no exercicio.   | Áchase engadido.           |
| Informe económico - financeiro.   | Áchase emitido e engadido. |
| Informe de Intervención, realizado sobre a base dos estados de gastos e ingresos e documentación que precede.         | O presente informe.        |

## VI. Aprobación inicial e actos posteriores:

Completada a documentación que conforma o Orzamento tal e como antecede, o expediente se someterá á aprobación da Comisión Executiva para o seu posterior sometemento a aprobación do Pleno en reunión do 28 de setembro 2012.

En calquera caso, o acordo plenario –de ser de aprobación- é un acordo único (xa que si fora o caso detallaría os orzamentos que integran o xeral, non podendo aprobarse ningún separadamente). A adopción do acordo correspóndelle ó Pleno do Consorcio en virtude do disposto polo art. 11 dos Estatutos, en relación co previsto polo art. 22.2.e) LRFL. Lémbrese que a adopción deste acordo non require de maioría cualificada ningunha, nin por esixencia legal nin estatutaria, polo que basta, para a súa adopción, a maioría ordinaria simple.

Aprobado inicialmente o Orzamento, exporase o público mediante a inserción do edicto correspondente no "Boletín Oficial" da provincia durante o prazo de quince días hábiles, a fin de que durante o mesmo, poda ser examinado e, no seu caso, presentarse –ante o Pleno- polos interesados que a tales efectos cita o art. 170.1 LRFL, as reclamacións que estimen por conveniente, aínda que, unicamente polos motivos taxados que a estes efectos establece o art. 170.2 LRFL.



Caso de non se presentar reclamacións, o acordo inicial se eleva automaticamente a definitivo, sen necesidade de adopción expresa doutro, debendo procederse, de seguido, á publicación preceptiva ordenada polo art. 169.3 LRFL.

De presentarse reclamacións, o Pleno conta co prazo dun mes para, e previos os informes que proceda, resolver as mesmas no acordo de aprobación definitiva, procedéndose de seguido na forma indicada no apartado que precede.

#### VII. Reclamacións na vía administrativa e recurso na xurisdiccional:

Existen dous momentos procesuais diferenciados que, por ilo, reflicten distintos ámbitos (administrativo e xurisdiccional), en canto a posibles impugnacións:

##### a) Aprobación inicial:

Contra a aprobación inicial do Orzamento, unha vez publicado o edicto correspondente no "Boletín Oficial" da provincia, poderán presentarse reclamacións polos interesados ós que cita o art. 171.1 LRFL, no prazo de 15 días hábiles (contados a partires do seguinte, tamén hábil, ó da aparición do indicado anuncio) e polos motivos taxados que sinala o apartado 2 do propio art. 171 citado.

##### b) Aprobación definitiva:

Aprobado definitivamente o Orzamento, ben por acordo expreso, ben por elevación automaticamente a definitivo do inicialmente adoptado, e unha vez realizada a correspondente publicación (art. 169.3 LRFL), poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso – administrativo, de conformidade co previsto polo art. 171 LRFL, aínda que este mesmo artigo indica que dita interposición, por si mesma, non suspende a aplicación do orzamento recorrido.

#### VIII. Remisións, entrada en vigor e actuacións conexas:

O orzamento entrará en vigor unha vez producida a publicación dos resumos que citan os artigos 169.3 LRFL, tendo en conta que o art. 70.2 LRBRL (respecto do prazo no intre das remisións dos accrdos en relación co art. 65.2 da propia LRBRL) non é de aplicación para o caso dos orzamentos nin das ordenanzas fiscais.

Deberá remitirse (ao tempo que se fai o envío da publicación ó BOP –do art. 169.3 LRFL- do anuncio da aprobación definitiva) copia do orzamento ás Administracións da **Comunidade Autónoma** e á do **Estado**, tal e como require o art. 169.4 da propia LRFL.

Así mesmo, deberá remitirse copia suficiente á **Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais** aos efectos do cumprimento da estabilidade orzamentaria, dentro do prazo máximo dos tres meses a partires da data da aprobación definitiva do Orzamento (art. 29.2 do regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro).

Así mesmo, ás citadas Administracións públicas (Estado e Comunidade Autónoma), deberá tamén remitirse o cadro de persoal e relación dos postos de traballo (RPT) aprobadas con ocasión do orzamento, no prazo non superior aos trinta días desde producida a aprobación definitiva do orzamento e sen prexuízo da publicación íntegra daquela no BOP, tal e como require o art. 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Este é o informe que emito salvo erro ou omisión involuntarios na interpretación e/ou aplicación da documentación que se me presenta e do Ordenamento Xurídico vixente, nembargante, o Pleno do Consorcio co seu superior criterio, adoptará o acordo que, axustado a Dereito, estime máis oportuno para os intereses e fins da Entidade.

Lugo, 28 de setembro de 2011

**O secretario Interventor**

José Antonio Mourelle Cillero



DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2012

# 17. Informe Económico-Financeiro e da Interventora



## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO E DA INTERVENTORA

A Lexislación a aplicar está constituída fundamentalmente polo R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), título VI “Orzamento e Gasto Público”, e R.d. 500/90, do 20 de abril, que regula a materia de Orzamentos, así como a O.m. 3565/2008 do 3 de decembro, que establece a estrutura orzamentaria.

Así mesmo é de aplicación o R.d. Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria (TRLXEO), así como o R.d. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da citada Lei na súa aplicación ás entidades locais.

Entre os documentos que deben acompañar ó proxecto do Orzamento figura o Informe de Intervención, como sinala o apartado 4) do art. 168 do TRLRFL e art. 18.4 do R.d. 500/90, do 20 de abril, así mesmo, o apartado 1) e) do citado art. 168, sinala “informe económico-financieiro”, ámbolos dous se refunden no presente informe. Por outra parte incorpórase ao Informe de Intervención o Informe ao que se refire o artigo 16.2 do R.d. 1463/2007, sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A funcionaria que subscribe indica, como aspectos relevantes no proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio actual, os seguintes:

1º.- O Orzamento Xeral ascende a 93.901.797,34 €, aumenta en 1.789.595,48 € respecto a 2011, o que representa un 1,94 %. Está integrado polo da propia Entidade, o do INLUDES, máis o da empresa SUPLUSA. Os orzamentos que integran o Orzamento Xeral aparecen nivelados en gastos e ingresos.

2º.- Forma parte da documentación, como anexo, o Plan de investimentos e Plan financeiro para o 2011 da propia Entidade e do INLUDES, e o Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa SUPLUSA; o estado de consolidación do Orzamento da propia Entidade, do INLUDES e dos estados de previsión da empresa SUPLUSA; e o estado da débeda financeira, conforme establece o art. 166.1. do T.R.L.R.F.L. e art. 12. do R.d. 500/90, do 20 de abril. Como documentación comple-



mentaria achéganse os Plans de actuación da Fundación TIC, e o proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para 2012.

3º.- O Orzamento da propia Entidade aparece nivelado en gastos e ingresos por importe de 90.486.048,93 €. O dito Orzamento aumenta respecto do 2011 en 4.083.381,66 € o que representa un 4,73 %.

As bases utilizadas para a avaliación dos ingresos por operacións non financeiras, e polo que respecta ás operacións correntes, parten das cantidades liquidadas no exercicio 2011, a hipótese de prórroga dos ingresos do Estado para 2012, a devolución da liquidación definitiva do ano 2009 que en 5 anos alcanza a 4.452.000,00 € e a aportación do fondo social europeo para o proxecto Pacto polo Emprego.

Nos ingresos de capital orzaméntanse as previsións de alleamento de investimentos reais (inmable en Santo Domingo) e as transferencias de capital, derivadas da aportación do Estado e dos Concellos para o POS 2012, así como os fondos Feder para os Proxectos LugO2 e InnovaTE2.

Nas operacións financeiras recóllense os activos financeiros (anticipos ó persoal) e acódesse a unha operación de crédito a longo prazo para financiar investimentos, por 4,5 millóns de euros.

Os gastos por operacións non financeiras, no que respecta ás operacións correntes, diminúen en 2.759.502,31 €, un 4,66 % respecto ó ano 2011, e estímase suficientes os créditos para atender ó cumprimento das obrigas esixibles e ós gastos de funcionamento dos servizos.

Nos gastos por operacións de capital, os investimentos reais e as transferencias de capital aumentan en 7.486.522,97 €, o que representa un aumento do 34,73 % respecto do ano anterior.

Nas operacións financeiras recóllense os activos financeiros (anticipos ó persoal e aportacións para constitución da empresa de turismo) e as amortizacións das operacións de crédito a longo prazo.

Desagregado por capítulos as variacións máis significativas son as seguintes:

- Capítulo I “Gastos de Persoal” diminúe en 301.731,97 €, un 1,48 % respecto ó ano anterior; dita variación engloba:
  - 1) As retribucións do persoal, nas contías establecidas na Lei de orzamentos do Estado para 2011, que xa propoñía unha conxelación mantendo a redución practica- da dende xuño de 2010. Todo elo ó non ter proxecto de lei orzamentaria para 2012.
  - 2) Contémplase unha diminución en 125 mil euros no concepto de produtividade.
  - 3) As retribucións e asistencias dos órganos de goberno, cos importes das dedica- cións dos Deputados, e as retribucións do persoal eventual segundo acordo do Pleno de 7 de xullo de 2011, que contén unha diminución significativa respecto das previ- sións do ano anterior.
  - 4) Os créditos necesarios para cubrir a Seguridade Social, ADESLAS, Farmacias e ou- tros gastos do Fondo Social, así como outras variacións segundo proposta unida ó expediente do cadro de persoal.
- Capítulo II “Gastos en bens correntes e servizos” diminúe en 666.970,83 €, o que representa un 4,75 % respecto do ano anterior, o que supón un gran esforzo e con- trol do gasto en tódalas áreas. Inclúese aquí o proxecto cofinanciado co FSE cunha previsión para a anualidade 2012 de 1.898.626,10 €.
- Capítulo III “Gasto financeiros” recolle os xuros que se van aboar por operacións de crédito a longo prazo cun diminución cifrada en 136.866,07 €, que supón máis dun 10 %.
- Capítulo IV “Transferencias correntes”, diminúe en 1.648.699,44 € e representa un 7,02 % respecto do ano anterior.

As variacións máis significativas son:

O aumento en 621.086,17 € na aportación para funcionamento no Consorcio provin- cial de Lugo para prestación do Servizo contraincendios e salvamento; en Servizos sociais (Acción Social) diminúe en 536.733,13 €, completando coa finalidade de Igualdade en 200.000,00 €; a aportación á Fundación TIC aumenta en 50.000,00 €; na Área de Cultura a redución é de 155 mil euros, en Deportes, 482 mil euros e 440 mil en Turismo; a aportación ó Inludes baixa en 511 mil euros, ó rematar a de- rradadeira anualidade 2011 do Pacto polo Emprego, a baixa dos gastos de persoal e en bens correntes e servizos do citado organismo autónomo; a aportación a SUPUSA aumenta en 48.500 euros.

- Capítulo VI “Investimentos reais”, aumenta en 8.878.340,62 €.

As variacións máis significativas son as seguintes:

A inclusión dos proxectos Lugo2 provincial e InnovaTE2 cofinanciados con fondos FEDER, ascendendo a presente anualidade a 4.012.000,00 € e 8.550.000,00 € res- pectivamente. A inclusión de 670.000,00 € para fomento do emprego mediante in-

vestimentos para outros entes públicos (Concellos), a diminución das cantidades destinadas a vías públicas que quedan en 150.000,00 €, as destinadas a estradas provinciais que incluíndo expropiacións ascende a 4.357.390,36 €, mantendo para o Plan de Obras e Servizos as cantidades definitivamente aprobadas no ano 2011, por un total de 5.751.879,20 €

- Capítulo VII “Transferencias de capital”, diminúe en 643.639,00 €. As variacións máis significativas son:

O aumento na aportación para investimento no Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra incendios e salvamento en 251.100,00 €; o aumento en 102.779,38 € na aportación do Convenio suscrito coa Xunta de Galicia e o Concello de Barreiros en materia urbanística; redúcese en 140.000,00 € en Servizos Sociais (Acción Social) relativo ás aportacións en investimentos; aumenta en 150 mil euros ata os 600 mil euros correspondentes ao Proxecto “Urban Lugo”; redúcense as transferencias capital na Área de Cultura en 55 mil euros, aumentando 30 mil euros a Área de Deportes, e redúcense as da Área de Turismo en 167 mil euros; o importe destinado Comunidades veciñais redúcese en 300 mil euros, as aportacións de capital a Concellos de menos de 5.000 habitantes por 800 mil euros pasan a ser de 670 mil euros xestionándose pola Deputación, coa finalidade de fomentar o emprego mediante investimentos incluídos no capítulo 6; a redución en 409.500,00 € euros na transferencia ao Inludes, polo financiamento da derradeira anualidade 2011 do proxecto InnovaTE.

- Capítulo VIII “Activos financeiros” 310.000,00 €, diminúe en 10.000,00 €.

- Capítulo IX “Pasivos financeiros”, recolle os importes de amortización das operacións de crédito a longo prazo que deben de aboarse no 2012.

4º.- O Proxecto de Orzamento redactado polo Presidente, coa colaboración dos membros corporativos e dos funcionarios dos distintos Servizos coa asistencia dos funcionarios de Intervención, e máis o Proxecto de Orzamento do INLUDES e da empresa SUPLUSA, reúnen a documentación esixida polo artigo 168 do TRLRFL e art. 18 do R.d. 500/90, de 20 de abril, así como anexos do art. 166 do TRLRFL e art. 12 do R.d. 500/90, do 20 de abril.

O Orzamento Xeral está nivelado en gastos e ingresos; así mesmo, o art. 16.2 do R.d. 500/90, do 20 de abril, dispón que ningún orzamento poderá presentar déficit ó longo do exercicio; en consecuencia, todo incremento nos créditos orzamentarios ou diminución nas previsións de ingresos deberá ser compensado no mesmo acto en que se acorde.

As Bases de Execución a que se refire o art. 166 do TRLRFL e art. 9 do R.d. 500/90 do 20 de abril, foron confeccionadas de acordo coa normativa vixente, así como a estrutura orzamentaria, segundo a O.m. 3565/2008 do 3 de decembro, e regulan a fiscalización previa limitada.

O Plan de Investimentos para 2012 detállase en proxectos codificados para a súa identificación e coa especificación mínima que establece o artigo 13 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, completándose co Plan Financeiro para 2012.

**5º.-** A tenor do art. 166.1.d) do TRLRFL, o volume de endebedamento previsto a 31 de decembro de 2012 é de 59.790.854,93 €.

O volume total de capital vivo das operacións de crédito existentes e da prevista non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados, segundo os estados consolidados da última liquidación (2010 de 84.305.191,69 €) representa o 70,92 % aos efectos establecidos no artigo 53 do citado TRLRFL e da D.F. 15ª da Lei 39/2010, de 22 de decembro, de Orzamento xeral do Estado para 2011 de modificación do R.d. Lei 8/2010, de 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

**6º.-** O proxecto de Orzamento Xeral elévase ó Pleno da Excm. Deputación para a aprobación inicial segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/1985 e o artigo 168.4 do TRLRFL.

Para a tramitación do orzamento haberá que aterse o disposto no art.169 do TRLRFL, art. 20 do R. d. 500/90, do 20 de abril, artigos concordantes e demais disposicións legais que lle afecten.

Lugo, 18 de novembro de 2011,

A INTERVENTORA,

Asdo.: Rosa Abelleira Fernández

DEPUTACIÓN DE LUGO



ORZAMENTOS 2012

# 18. Informe av- liación estabilidad or- zamentaria



## **INFORME DE INTERVENCIÓN**

**Asunto:** *Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na aprobación dos orzamentos do exercicio 2012.*

En cumprimento do disposto no artigo 16.2 do REO, emítase o presente informe que se incorporará ao previsto no artigo 168.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais referido á aprobación do orzamento xeral de 2012, coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria xerado polo mesmo.

### **1. ANTECEDENTES.**

---

O artigo 4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo R.D. 1463/2007, de 2 de novembro (en adiante REO) dispón: “1. *As Entidades Locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ó principio de estabilidade orzamentaria definido nos apartados 1 e 3 do artigo 19 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.*

*Ós efectos anteriores e en canto á execución de orzamentos, entenderase que se deberá axustar ó principio de estabilidade orzamentaria calquera alteración dos orzamentos iniciais definitivamente aprobados da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, e, no seu caso, calquera variación da evolución dos negocios respecto da previsión de ingresos e gastos dos entes públicos dependentes.*

*2. As restantes entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos ou aprobarán as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa de aplicación”.*

O artigo 15 do citado regulamento establece que “*entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do presente regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais a que se refire o artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económicos financeiros aprobados e en vigor.*

*En relación ás restantes entidades ás que se refire o artigo 4.2 do presente regulamento, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando, individualmente considerados, aproben, executen e liquiden*

*os seus respectivos orzamentos ou aproben as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro”.*

O artigo 16.2 do REO establece que *“a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade e dos seus organismos autónomos e entidades dependentes.*

*O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as suas modificacións e a súa liquidación.*

*O interventor detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais”.*

## 2. ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN.

---

Os organismos autónomos e entes públicos dependentes da Deputación, a saber, o organismo autónomo “Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social” (en adiante INLUDES), a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (en adiante SUPLUSA), a Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (en adiante Fundación TIC) e o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante Consorcio de Bomberos) serán consideradas entidades comprendidas no ámbito do artigo 4.1 do REO, ó prestar servizos ou producir bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais,

## 3. CONSOLIDACIÓN DOS ORZAMENTOS E ELIMINACIÓN DAS OPERACIÓNS INTERNAS.

---

Realízase a consolidación dos datos contidos nas previsións iniciais dos orzamentos do exercicio 2012 da propia Deputación Provincial de Lugo, do INLUDES, da Fundación TIC, de SUPLUSA e do Consorcio.

Os axustes que proceden por eliminación das operacións internas serán:

a) Deducción por transferencias correntes da Deputación de Lugo en 2012 a:

|                             |                 |
|-----------------------------|-----------------|
| 1. INLUDES .....            | 7.722.622,60 €  |
| 2. SUPLUSA.....             | 3.175.000,00 €  |
| 3. Fundación TIC.....       | 1.565.455,00 €  |
| 4. Consorcio Bomberos ..... | 2.121.086,17 €  |
| TOTAL .....                 | 14.584.163,77 € |

b) Deducción por transferencias de capital da Deputación de Lugo en 2012 a:

|                             |              |
|-----------------------------|--------------|
| 1. Consorcio Bombreros..... | 251.100,00 € |
| TOTAL .....                 | 251.100,00 € |





tomemos en consideración sexa a recadación neta esperada e non os dereitos recoñecidos agardados. Por elo, aplicaremos ó importe dos capítulos 1, 2 e 3 do orzamento (con exclusión dos conceptos relativos a cesión de tributos estatales) a porcentaxe estimada da recadación neta. Tómase como estimación a porcentaxe que na liquidación do orzamento de 2010 (último exercicio pechado e liquidado) obtívose dos dereitos recadados netos, fronte os dereitos previstos do capítulos 1 ao 3 (con exclusión dos conceptos relativos a cesión de tributos)

|                  | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS<br>NETOS 2010 | RECADACION<br>NETA 2010 | %             |
|------------------|---------------------------------------|-------------------------|---------------|
| CAPÍTULO I (*)   | 2.583.024,90                          | 1.704.025,12            | 65,97%        |
| CAPÍTULO II (*)  | 0,00                                  | 0,00                    | -             |
| CAPITULO III     | 13.907.187,50                         | 12.613.305,46           | 90,70%        |
| <b>TOTAL (*)</b> | <b>16.490.212,40</b>                  | <b>14.317.330,58</b>    | <b>86,82%</b> |

(\*) Agás conceptos relativos a cesión de tributos

Por outra banda consideraranse os ingresos recadados de exercicios pechados dos capítulos 1, 2 e 3 (con exclusión dos conceptos relativos a cesión de tributos estatales), continuando co criterio de caixa, á vista dos datos de recadación do ano 2010 (último pechado e liquidado) obtense o seguinte desglose:

|              | PENDENTE A<br>1-1-2010 | RECADACION<br>2010  | %            |
|--------------|------------------------|---------------------|--------------|
| 1989         | 6.010,12               | 0,00                | 0,00%        |
| 1993         | 231,69                 | 0,00                | 0,00%        |
| 1994         | 280,44                 | 0,00                | 0,00%        |
| 1995         | 608,27                 | 0,00                | 0,00%        |
| 1996         | 1.029,00               | 0,00                | 0,00%        |
| 1997         | 3.934,87               | 45,50               | 1,16%        |
| 1998         | 5.834,28               | 510,66              | 8,75%        |
| 1999         | 13.588,73              | 1.265,57            | 9,31%        |
| 2000         | 30.486,35              | 1.840,61            | 6,04%        |
| 2001         | 35.695,14              | 4.140,80            | 11,60%       |
| 2002         | 140.456,07             | 8.041,44            | 5,73%        |
| 2003         | 7.927,50               | 259,79              | 3,28%        |
| 2004         | 8.061,82               | 303,40              | 3,76%        |
| 2005         | 3.893.034,25           | 4.033,73            | 0,10%        |
| 2006         | 4.613.348,58           | 437.475,43          | 9,48%        |
| 2007         | 4.006.823,31           | 6.885,47            | 0,17%        |
| 2008         | 3.921.715,64           | 33.270,21           | 0,85%        |
| 2009         | 4.522.609,42           | 728.192,05          | 16,10%       |
| <b>TOTAL</b> | <b>21.211.675,48</b>   | <b>1.226.264,66</b> | <b>5,78%</b> |

En conclusión, segundo as contas de recadación do ano 2010 (o derradeiro pechado e liquidado) dos ingresos de exercicios pechados, cobrouse o 5,78% do saldo pendente a 1 de xaneiro de 2010. O citado porcentaxe aplicarase, ao non estar liquidado o exercicio de 2011, aos dereitos de cobro pendentes de recadar existentes a fecha do presente informe que integrarán a agrupación de orzamentos pechados a 1 de xaneiro de 2012 con alguna variación de escasa significación.

2. **Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos e do fondo complementario de financiamento:** en contabilidade nacional estes pagos rexístranse no periodo no que se pagan, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisfai. Os importes orzamentados nestes conceptos correspóndense coas entregas a conta mensuais (xaneiro a decembro de 2012) os cales serán ingresados previsiblemente no exercicio 2012. En consecuencia, considérase como magnitude en Contabilidade Nacional a importe orzamentado, porque correspóndese coas cantidades que serán recoñecidas polo Estado por estes conceptos no exercicio 2012, polo que non será preciso a realización de ningún axuste.
3. Non se considera necesario a realización de mais axustes por considerar que as condicións que implicarían a realización dos mesmos non poden ser coñecidos no momento da presupuestación e por outra banda as diferencias a axustar poderían ser consideradas mais ben residuais que financeiramente significativas.

Unha vez realizados os axustes anteriores os importes do orzamento de gastos e ingresos da Deputación de Lugo en termos de contabilidade nacional quedaría como sigue:

|                                      |        | ORZAMENTO     | AXUSTES POR % DE COBRO DE CORRENTE | AXUSTES POR % DE COBRO DE CERRADOS | ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTAB. NACIONAL |
|--------------------------------------|--------|---------------|------------------------------------|------------------------------------|---|
| I<br>N<br>G<br>R<br>E<br>S<br>O<br>S | CAP. 1 | 5.324.523,40  | -337.976,01                        | 85.190,97                          | 5.071.738,36                            |
|                                      | CAP. 2 | 3.299.066,67  | 0,00                               | 0,00                               | 3.299.066,67                            |
|                                      | CAP. 3 | 8.446.210,25  | -377.945,73                        | 749.216,52                         | 8.817.481,04                            |
|                                      | CAP. 4 | 51.786.952,52 | 0,00                               | 0,00                               | 51.786.952,52                           |
|                                      | CAP. 5 | 3.516.000,00  | 0,00                               | 0,00                               | 3.516.000,00                            |
|                                      | CAP. 6 | 600.000,00    | 0,00                               | 0,00                               | 600.000,00                              |
|                                      | CAP. 7 | 12.763.296,09 | 0,00                               | 0,00                               | 12.763.296,09                           |
|                                      | CAP. 8 | 250.000,00    | 0,00                               | 0,00                               | 250.000,00                              |
|                                      | CAP. 9 | 4.500.000,00  | 0,00                               | 0,00                               | 4.500.000,00                            |
|                                      |        | TOTAL         | 90.486.048,93                      | -715.921,74                        | 834.407,49                              |
|                                      |        | ORZAMENTO     | AXUSTES POSITIVOS                  | AXUSTES NEGATIVOS                  | ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTAB. NACIONAL |
| G<br>A<br>S<br>T<br>O<br>S           | CAP. 1 | 20.132.558,66 | 0,00                               | 0,00                               | 20.132.558,66                           |
|                                      | CAP. 2 | 13.372.626,76 | 0,00                               | 0,00                               | 13.372.626,76                           |
|                                      | CAP. 3 | 1.184.776,46  | 0,00                               | 0,00                               | 1.184.776,46                            |
|                                      | CAP. 4 | 21.827.816,84 | 0,00                               | 0,00                               | 21.827.816,84                           |
|                                      | CAP. 6 | 24.079.569,56 | 0,00                               | 0,00                               | 24.079.569,56                           |
|                                      | CAP. 7 | 4.960.828,55  | 0,00                               | 0,00                               | 4.960.828,55                            |
|                                      | CAP. 8 | 310.000,00    | 0,00                               | 0,00                               | 310.000,00                              |
|                                      | CAP. 9 | 4.617.872,10  | 0,00                               | 0,00                               | 4.617.872,10                            |
|                                      |        | TOTAL         | 90.486.048,93                      | 0,00                               | 0,00                                    |

- **Nos datos do Inludes:**

1. **Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos:** para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados.

Debido a que o importe orzamentado nos devanditos capítulos calcúlase como unha estimación dos dereitos recoñecidos netos que se esperan obter no exercicio 2012 (principio de devengo), para aplicar o principio de caixa, deberíanse axustar ditos importes, de xeito que o importe que tomemos en consideración sexa a recadación neta esperada e non os dereitos recoñecidos agardados. Hemos de entender que a porcentaxe de recadación de exercicios pechados no capítulo III, único con contido económico no INLUDES, é do 100%, e que o seu importe compensase co pendente de cobro do exercicio corrente.

En conclusión, tendo en conta que as variacións que poidan xurdir son pouco significativas non procede axuste algún.

2. Non se considera necesario a realización doutros axustes por considerar que as condicións que implicarían a realización dos mesmos non poden ser coñecidos no momento da presupuestación e por outra banda as diferencias a axustar poderían ser consideradas mais ben residuales que financeiramente significativas.

- **Nos datos de SUPLUSA, da Fundación TIC e do Consorcio de Bomberos**

Non se considera necesario a realización de axustes por considerar que as condicións que implicarían a realización dos mesmos non poden ser coñecidos no momento da presupuestación e por outra banda as diferencias a axustar poderían ser consideradas mais ben residuales que financeiramente significativas.

**Tendo en conta todas as consideracións anteriores presentase a información consolidada en termos de contabilidade nacional, de acordo coa definición contida no sistema europeo de Contas Nacionais e Rexionais:**



O orzamento do exercicio 2012, a nivel consolidado, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar unha capacidade de financiamento de 3.490.354,76 €, dacordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

En cumprimento do establecido no artigo 16.2 do REO, o presente informe de avaliación elevarase ao Pleno.

Lugo, a 18 de novembro de 2011

A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández



DEPUTACIÓN DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA

Novembro 2011

